

No caso de que o contido máximo sexa aplicable á materia seca, o contido de materia seca determinarase sobre unha parte da mostra homoxeneizada, utilizando un procedemento que garanta unha determinación precisa do contido de materia seca.»

21695 *Corrección de erros da Orde SCO/3664/2004, do 11 de novembro, pola que se modifica o anexo III do Real decreto 1599/1997, do 17 de outubro, sobre produtos cosméticos.* («BOE» 312, do 28-12-2004.)

Detectado erro na Orde SCO/3664/2004, do 11 de novembro, pola que se modifica o anexo III do Real decreto 1599/1997, do 17 de outubro, sobre produtos cosméticos, (BOE, suplemento n.º 13 en lingua galega, do 1 de decembro de 2004, na páxina 2060), procédese a efectuar a oportuna rectificación do seguinte teor literal:

Na letra a) do punto primeiro, no número de orde 97, columna d «concentración máxima en produto terminado», onde di: «d) 0,56% en auga de colonia», debe dicir: «b) 0,56% en auga de colonia».

XEFATURA DO ESTADO

21760 *LEI ORGÁNICA 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.* («BOE» 313, do 29-12-2004.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei orgánica.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

A violencia de xénero non é un problema que afecte o ámbito privado. Polo contrario, maniféstase como o símbolo máis brutal da desigualdade existente na nosa sociedade. Trátase dunha violencia que se dirixe sobre as mulleres polo feito mesmo de selo, por seren consideradas polos seus agresores carentes dos dereitos mínimos de liberdade e capacidade de decisión.

A nosa Constitución incorpora no seu artigo 15 o dereito de todos á vida e á integridade física e moral, sen que en ningún caso poidan ser sometidos a torturas nin a penas ou tratos inhumanos ou degradantes. Ademais, continúa a nosa Carta Magna, estes dereitos vinculan todos os poderes públicos e só por lei se pode regular o seu exercicio.

A Organización de Nacións Unidas na IV Conferencia Mundial de 1995 recoñeceu xa que a violencia contra as mulleres é un obstáculo para lograr os obxectivos de igualdade, desenvolvemento e paz, e viola e menoscaba o disfrute dos dereitos humanos e as liberdades fundamentais. Ademais defínea amplamente como unha manifestación das relacións de poder historicamente desiguais entre mulleres e homes. Existe xa incluso unha definición técnica da síndrome da muller maltratada que consiste en «as agresións sufridas pola muller como consecuencia dos condicionantes socioculturais que actúan sobre o

xénero masculino e feminino, situándoa nunha posición de subordinación ao home e manifestadas nos tres ámbitos básicos de relación da persoa: maltrato no seo das relacións de parella, agresión sexual na vida social e acoso no medio laboral».

Na realidade española, as agresións sobre as mulleres teñen unha especial incidencia, existindo hoxe unha maior conciencia que en épocas anteriores sobre esta, grazas, en boa medida, ao esforzo realizado polas organizacións de mulleres na súa loita contra todas as formas de violencia de xénero. Xa non é un «delito invisible», senón que produce un rexeitamento colectivo e unha evidente alarma social.

II

Os poderes públicos non poden ser alleos á violencia de xénero, que constitúe un dos ataques máis flagrantes contra dereitos fundamentais como a liberdade, a igualdade, a vida, a seguridade e a non-discriminación proclamados na nosa Constitución. Eses mesmos poderes públicos teñen, conforme o disposto no artigo 9.2 da Constitución, a obriga de adoptar medidas de acción positiva para facer reais e efectivos estes dereitos, removendo os obstáculos que impiden ou dificultan a súa plenitude.

Nos últimos anos producíronse no dereito español avances legislativos en materia de loita contra a violencia de xénero, tales como a Lei orgánica 11/2003, do 29 de setembro, de medidas concretas en materia de seguridade cidadá, violencia doméstica e integración social dos estranxeiros; a Lei orgánica 15/2003, do 25 de novembro, pola que se modifica a Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código penal, ou a Lei 27/2003, do 31 de xullo, reguladora da orde de protección das vítimas da violencia doméstica; ademais das leis aprobadas por diversas comunidades autónomas, dentro do seu ámbito competencial. Todas elas incidiron en distintos ámbitos civís, penais, sociais ou educativos a través das súas respectivas normativas.

A lei pretende atender as recomendacións dos organismos internacionais no sentido de proporcionar unha resposta global á violencia que se exerce sobre as mulleres. Ao respecto pódese citar a Convención sobre a eliminación de todas as formas de discriminación sobre a muller de 1979; a Declaración de Nacións Unidas sobre a eliminación da violencia sobre a muller, proclamada en decembro de 1993 pola Asemblea Xeral; as resolucións do último Cumio Internacional sobre a Muller que tivo lugar en Pequín en setembro de 1995; a Resolución WHA49.25 da Asemblea Mundial da Saúde declarando a violencia como problema prioritario de saúde pública proclamada en 1996 pola OMS; o informe do Parlamento Europeo de xullo de 1997; a Resolución da Comisión de Dereitos Humanos de Nacións Unidas de 1997; e a Declaración de 1999 como Ano Europeo de Loita Contra a Violencia de Xénero, entre outros. Moi recentemente, a Decisión n.º 803/2004/CE do Parlamento Europeo, pola que se aproba un programa de acción comunitario (2004-2008) para previr e combater a violencia exercida sobre a infancia, a mocidade e as mulleres e protexer as vítimas e grupos de risco (programa Daphne II), fixou a posición e estratexia dos representantes da cidadanía da Unión ao respecto.

O ámbito da lei abrangue tanto os aspectos preventivos, educativos, sociais, asistenciais e de atención posterior ás vítimas como a normativa civil que incide no ámbito familiar ou de convivencia onde principalmente se producen as agresións, así como o principio de subsidiariedade nas administracións públicas. Igualmente abórdase con decisión a resposta punitiva que deben recibir todas as manifestacións de violencia que esta lei regula.

A violencia de xénero enfócaa a lei dun modo integral e multidisciplinar, empezando polo proceso de socialización e de educación.

A conquista da igualdade e o respecto á dignidade humana e á liberdade das persoas teñen que ser un obxectivo prioritario en todos os niveis de socialización.

A lei establece medidas de sensibilización e intervención no ámbito educativo. Refórzase, con referencia concreta ao ámbito da publicidade, unha imaxe que respecte a igualdade e a dignidade das mulleres. Apóianse as vítimas a través do recoñecemento de dereitos como o da información, a asistencia xurídica gratuíta e outros de protección social e apoio económico. Proporciona, por tanto, unha resposta legal integral que abrangue tanto as normas procesuais, creando novas instancias, como normas substantivas penais e civís, incluíndo a debida formación dos operadores sanitarios, policiais e xurídicos responsables da obtención de probas e da aplicación da lei.

Establécense igualmente medidas de sensibilización e intervención no ámbito sanitario para optimizar a detección precoz e a atención física e psicolóxica das vítimas, en coordinación con outras medidas de apoio.

As situacións de violencia sobre a muller afectan tamén os menores que se encontran dentro do seu medio familiar, vítimas directas ou indirectas desta violencia. A lei establece tamén a súa protección non só para a tutela dos dereitos dos menores senón para garantir de forma efectiva as medidas de protección adoptadas respecto da muller.

III

A lei estrutúrase nun título preliminar, cinco títulos, vinte disposicións adicionais, dúas disposicións transitorias, unha disposición derogatoria e sete disposicións derradeiras.

No título preliminar recóllense as disposicións xerais da lei que se refiren ao seu obxecto e principios reitores.

No título I determínanse as medidas de sensibilización, prevención e detección e intervención en diferentes ámbitos. No educativo especifícanse as obrigas do sistema para a transmisión de valores de respecto á dignidade das mulleres e á igualdade entre homes e mulleres. O obxectivo fundamental da educación é o de proporcionar unha formación integral que lles permita conformar a súa propia identidade, así como construír unha concepción da realidade que integre ao mesmo tempo á vez o coñecemento e a valoración ética dela.

Na educación secundaria incorpórase a educación sobre a igualdade entre homes e mulleres e contra a violencia de xénero como contido curricular, incorporando en todos os consellos escolares un novo membro que impulse medidas educativas a favor da igualdade e contra a violencia sobre a muller.

No campo da publicidade, esta deberá respectar a dignidade das mulleres e o seu dereito a unha imaxe non estereotipada nin discriminatoria, tanto se se exhibe nos medios de comunicación públicos coma nos privados. Doutro lado, modifícase a acción de cesación ou rectificación da publicidade lexitimando as institucións e asociacións que traballan a favor da igualdade entre homes e mulleres para o seu exercicio.

No ámbito sanitario recóllense actuacións de detección precoz e apoio asistencial ás vítimas, así como a aplicación de protocolos sanitarios ante as agresións derivadas da violencia obxecto desta lei, que se remitirán aos tribunais correspondentes con obxecto de axilizar o procedemento xudicial. Así mesmo, créase, no seo do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde, unha comisión encargada de apoiar tecnicamente, coordinar e avaliar as medidas sanitarias establecidas na lei.

No título II, relativo aos dereitos das mulleres vítimas de violencia, no seu capítulo I, garántese o dereito de acceso á información e á asistencia social integrada, a través de servizos de atención permanente, urxente e con especialización de prestacións e multidisciplinariedade profesional. Co fin de coaduxar á posta en marcha destes servizos, dotarase un fondo ao cal poderán acceder as comunidades autónomas, de acordo cos criterios obxectivos que se determinen na respectiva conferencia sectorial.

Así mesmo, recoñécese o dereito á asistencia xurídica gratuíta, co fin de garantirles a aquelas vítimas con recursos insuficientes para litigar unha asistencia letrada en todos os procesos e procedementos relacionados coa violencia de xénero en que sexan parte, asumindo unha mesma dirección letrada a súa asistencia en todos os procesos. Esténdese a medida aos prexudicados en caso de falecemento da vítima.

Establécense, así mesmo, medidas de protección no ámbito social, modificando o Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, para xustificar as ausencias do posto de traballo das vítimas da violencia de xénero, posibilitar a súa mobilidade xeográfica, a suspensión con reserva do posto de traballo e a extinción do contrato.

En idéntico sentido prevense medidas de apoio ás funcionarias públicas que sufran formas de violencia das que combate esta lei, modificando os preceptos correspondentes da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública.

Regúlense, igualmente, medidas de apoio económico, modificando o Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, para que as vítimas da violencia de xénero xeren dereito á situación legal de desemprego cando resolan ou suspendan voluntariamente o seu contrato de traballo.

Para garantirles ás vítimas de violencia de xénero que carezan de recursos económicos unhas axudas sociais naqueles supostos en que se considere que a vítima debido á súa idade, falta de preparación xeral especializada e circunstancias sociais non vai mellorar de forma substancial a súa empregabilidade, prevese a súa incorporación ao programa de acción específico creado para o efecto para a súa inserción profesional. Estas axudas, que se modularán en relación coa idade e responsabilidades familiares da vítima, teñen como obxectivo fundamental facilitarlle uns recursos mínimos de subsistencia que lle permitan independizarse do agresor; estas axudas serán compatibles coas previstas na Lei 35/1995, do 11 de decembro, de axudas e asistencia ás vítimas de delitos violentos e contra a liberdade sexual.

No título III, concernente á tutela institucional, procédese á creación de dous órganos administrativos. En primeiro lugar, a Delegación Especial do Goberno contra a Violencia sobre a Muller, no Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais, á cal corresponderá, entre outras funcións, propor a política do Goberno en relación coa violencia sobre a muller e coordinar e impulsar todas as actuacións que se realicen na dita materia, que necesariamente deberán comprender todas aquelas actuacións que fagan efectiva a garantía dos dereitos das mulleres. Tamén se crea o Observatorio Estatal de Violencia sobre a Muller, como un órgano colexiado no Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais, e que terá como principais funcións servir como centro de análise da situación e evolución da violencia sobre a muller, así como asesorar e colaborar co delegado na elaboración de propostas e medidas para erradicar este tipo de violencia.

No seu título IV a lei introduce normas de natureza penal, mediante as cales se pretende incluír, dentro dos tipos agravados de lesións, un específico que incrementa

a sanción penal cando a lesión se lle produza a quen sexa ou fose a esposa do autor, ou muller que estea ou estivese ligada a el por unha análoga relación de afectividade, aínda sen convivencia. Tamén se castigarán como delito as coaccións leves e as ameazas leves de calquera clase cometidas contra as mulleres mencionadas con anterioridade.

Para a cidadanía, para os colectivos de mulleres e especificamente para aquelas que sofren este tipo de delitos, a lei quere dar unha resposta firme e contundente e mostrar firmeza plasmándoas en tipos penais específicos.

No título V establécese a chamada tutela xudicial para garantir un tratamento adecuado e eficaz da situación xurídica, familiar e social das vítimas de violencia de xénero nas relacións intrafamiliares.

Desde o punto de vista xudicial encontrámonos ante un fenómeno complexo en que é necesario intervir desde distintas perspectivas xurídicas, que teñen que abranger desde as normas procesuais e substantivas ata as disposicións relativas á atención ás vítimas, intervención que só é posible a través dunha lexislación específica.

Unha lei para a prevención e erradicación da violencia sobre a muller debe ser unha lei que recolla medidas procesuais que permitan procedementos áxiles e sumarios, como o establecido na Lei 27/2003, do 31 de xullo, pero, ademais, que compaxine, nos ámbitos civil e penal, medidas de protección ás mulleres e aos seus fillos e fillas, e medidas cautelares para seren executadas con carácter de urxencia.

A normativa actual, civil, penal, publicitaria, social e administrativa presenta moitas deficiencias, debidas fundamentalmente a que ata o momento non se lle deu a esta cuestión unha resposta global e multidisciplinar. Desde o punto de vista penal a resposta nunca pode ser un novo agravio para a muller.

En canto ás medidas xurídicas asumidas para garantir un tratamento adecuado e eficaz da situación xurídica, familiar e social das vítimas de violencia sobre a muller nas relacións intrafamiliares, adoptáronse as seguintes: conforme a tradición xurídica española, optouse por unha fórmula de especialización dentro da orde penal, dos xuíces de Instrución, creando os xulgados de violencia sobre a muller e excluindo a posibilidade de creación dunha orde xurisdiccional nova ou a asunción de competencias penais por parte dos xuíces civís. Estes xulgados coñecerán da instrución, e, se é o caso, da decisión das causas penais en materia de violencia sobre a muller, así como daquelas causas civís relacionadas, de forma que unhas e outras na primeira instancia sexan obxecto de tratamento procesal perante a mesma sede. Con iso asegúrase a mediación garantista do debido proceso penal na intervención dos dereitos fundamentais do presunto agresor, sen que con iso se reduzan o máis mínimo as posibilidades legais que esta lei dispón para a maior, máis inmediata e eficaz protección da vítima, así como os recursos para evitar reiteracións na agresión ou a escalada na violencia.

Respecto da regulación expresa das medidas de protección que poderá adoptar o xuíz de violencia de xénero, optouse pola súa inclusión expresa, xa que non están recollidas como medidas cautelares na Lei de axuízamento criminal, que só regula a prohibición de residencia e a de acudir a determinado lugar para os delitos recollidos no artigo 57 do Código penal (artigo 544 bis LACrim, introducido pola LO 14/1999). Ademais óptase pola delimitación temporal destas medidas (cando son medidas cautelares) ata a finalización do proceso. Porén, engádese a posibilidade de que calquera destas medidas de protección poida ser utilizada como medida de seguridade, desde o principio ou durante a execución da sentenza, incrementando con iso a lista do artigo 105 do Código penal (introducido pola LO 11/1999), e posibilitándolle ao

xuíz a garantía de protección das vítimas máis alá da finalización do proceso.

Recóllese normas que afectan as funcións do Ministerio Fiscal, mediante a creación do fiscal contra a violencia sobre a muller, encargado da supervisión e coordinación do Ministerio Fiscal neste aspecto, así como mediante a creación dunha sección equivalente en cada fiscalía dos tribunais superiores de xustiza e das audiencias provinciais a que se adscribirán fiscais con especialización na materia. Os fiscais intervirán nos procedementos penais polos feitos constitutivos de delitos ou faltas cuxa competencia estea atribuída aos xulgados de Violencia de Xénero, ademais de intervir nos procesos civís de nulidade, separación ou divorcio, ou que versen sobre garda e custodia dos fillos menores nos cales se aleguen malos tratos ao cónxuxe ou aos fillos.

Nas súas disposicións adicionais a lei leva a cabo unha profunda reforma do ordenamento xurídico para adaptar as normas vixentes ao marco introducido por este texto. Con obxecto de harmonizar as normas anteriores e ofrecer un contexto coordinado entre os textos legais, parte da reforma integral levouse a cabo mediante a modificación de normas existentes. Neste sentido, as disposicións adicionais desenvolven as medidas previstas no articulado, pero integrándoas directamente na lexislación educativa, publicitaria, laboral, de Seguridade Social e de función pública; así mesmo, estas disposicións afectan, en especial, o recoñecemento de pensións e a dotación do fondo previsto nesta lei para favorecer a asistencia social integral ás vítimas de violencia de xénero.

En materia de réxime transitorio esténdese a aplicación desta lei aos procedementos en tramitación no momento da súa entrada en vigor, aínda que respectando a competencia xudicial dos órganos respectivos.

Por último, esta lei inclúe nas súas disposicións derradeiras as habilitacións necesarias para o desenvolvemento normativo dos seus preceptos.

TÍTULO PRELIMINAR

Artigo 1. *Obxecto da lei.*

1. Esta lei ten por obxecto actuar contra a violencia que, como manifestación da discriminación, a situación de desigualdade e as relacións de poder dos homes sobre as mulleres, se exerce sobre estas por parte dos que sexan ou fosen os seus cónxuxes ou dos que estean ou estivesen ligados a elas por relacións similares de afectividade, aínda sen convivencia.

2. Por esta lei establécense medidas de protección integral cuxa finalidade é previr, sancionar e erradicar esta violencia e prestar asistencia ás súas vítimas.

3. A violencia de xénero a que se refire esta lei comprende todo acto de violencia física e psicolóxica, incluídas as agresións á liberdade sexual, as ameazas, as coaccións ou a privación arbitraria de liberdade.

Artigo 2. *Principios reitores.*

A través desta lei artículase un conxunto integral de medidas encamiñadas a alcanzar os seguintes fins:

a) Fortalecer as medidas de sensibilización cidadá de prevención, dotando os poderes públicos de instrumentos eficaces no ámbito educativo, servizos sociais, sanitario, publicitario e mediático.

b) Consagrar dereitos das mulleres vítimas de violencia de xénero, exixibles ante as administracións públicas, e así asegurar un acceso rápido, transparente e eficaz aos servizos establecidos para o efecto.

c) Reforzar ata a consecución dos mínimos exixidos polos obxectivos da lei os servizos sociais de información, de atención, de emerxencia, de apoio e de recuperación integral, así como establecer un sistema para a máis eficaz coordinación dos servizos xa existentes a nivel municipal e autonómico.

d) Garantir dereitos no ámbito laboral e funcional que concilien os requirimentos da relación laboral e de emprego público coas circunstancias daquelas traballadoras ou funcionarias que sufran violencia de xénero.

e) Garantir dereitos económicos para as mulleres vítimas de violencia de xénero, co fin de facilitar a súa integración social.

f) Establecer un sistema integral de tutela institucional no cal a Administración xeral do Estado, a través da Delegación Especial do Goberno contra a Violencia sobre a Muller, en colaboración co Observatorio Estatal da Violencia sobre a Muller, impulse a creación de políticas públicas dirixidas a ofrecer tutela ás vítimas da violencia recollida nesta lei.

g) Fortalecer o marco penal e procesual vixente para asegurar unha protección integral, desde as instancias xurisdiccionais, ás vítimas de violencia de xénero.

h) Coordinar os recursos e instrumentos de todo tipo dos distintos poderes públicos para asegurar a prevención dos feitos de violencia de xénero e, se é o caso, a sanción adecuada aos culpables deles.

i) Promover a colaboración e participación das entidades, asociacións e organizacións que desde a sociedade civil actúan contra a violencia de xénero.

j) Fomentar a especialización dos colectivos profesionais que interveñen no proceso de información, atención e protección ás vítimas.

k) Garantir o principio de transversalidade das medidas, de maneira que na súa aplicación se teñan en conta as necesidades e demandas específicas de todas as mulleres vítimas de violencia de xénero.

TÍTULO I

Medidas de sensibilización, prevención e detección

Artigo 3. *Plans de sensibilización.*

1. Desde a responsabilidade do Goberno do Estado e de maneira inmediata á entrada en vigor desta lei, coa conseguinte dotación orzamentaria, porase en marcha un Plan Nacional de Sensibilización e Prevención da Violencia de Xénero que, como mínimo, recolla os seguintes elementos:

Que introduza no escenario social as novas escalas de valores baseadas no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais e da igualdade entre homes e mulleres, así como no exercicio da tolerancia e da liberdade dentro dos principios democráticos de convivencia, todo iso desde a perspectiva das relacións de xénero.

Dirixido tanto a homes como a mulleres, desde un traballo comunitario e intercultural.

Que recolla un amplo programa de formación complementaria e de reciclaxe dos profesionais que interveñen nestas situacións.

Controlado por unha comisión de ampla participación, que se creará nun prazo máximo dun mes, na cal se debe asegurar a presenza dos afectados, as institucións, os profesionais e de persoas de recoñecido prestixio social relacionado co tratamento destes temas.

2. Os poderes públicos, no marco das súas competencias, impulsarán ademais campañas de información e sensibilización específicas co fin de previr a violencia de xénero.

3. As campañas de información e sensibilización contra esta forma de violencia realizaranse de maneira que se garanta o acceso e elas das persoas con discapacidade.

CAPÍTULO I

No ámbito educativo

Artigo 4. *Principios e valores do sistema educativo.*

1. O sistema educativo español incluírá entre os seus fins a formación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais e da igualdade entre homes e mulleres, así como no exercicio da tolerancia e da liberdade dentro dos principios democráticos de convivencia.

Igualmente, o sistema educativo español incluírá, dentro dos seus principios de calidade, a eliminación dos obstáculos que dificultan a plena igualdade entre homes e mulleres e a formación para a prevención de conflitos e para a súa resolución pacífica.

2. A educación infantil contribuirá a desenvolver na infancia a aprendizaxe na resolución pacífica de conflitos.

3. A educación primaria contribuirá a desenvolver no alumnado a súa capacidade para adquirir habilidades na resolución pacífica de conflitos e para comprender e respectar a igualdade entre sexos.

4. A educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver no alumnado a capacidade para relacionarse cos demais de forma pacífica e para coñecer, valorar e respectar a igualdade de oportunidades de homes e mulleres.

5. O bacharelato e a formación profesional contribuirán a desenvolver no alumnado a capacidade para consolidar a súa madurez persoal, social e moral, que lles permita actuar de forma responsable e autónoma e para analizar e valorar criticamente as desigualdades de sexo e fomentar a igualdade real e efectiva entre homes e mulleres.

6. O ensino para as persoas adultas incluírá entre os seus obxectivos desenvolver actividades na resolución pacífica de conflitos e fomentar o respecto á dignidade das persoas e á igualdade entre homes e mulleres.

7. As universidades incluírán e fomentarán en todos os ámbitos académicos a formación, docencia e investigación en igualdade de xénero e non-discriminación de forma transversal.

Artigo 5. *Escolarización inmediata en caso de violencia de xénero.*

As administracións competentes deberán prever a escolarización inmediata dos fillos que se vexan afectados por un cambio de residencia derivada de actos de violencia de xénero.

Artigo 6. *Fomento da igualdade.*

Co fin de garantir a efectiva igualdade entre homes e mulleres, as administracións educativas velarán para que en todos os materiais educativos se eliminen os estereotipos sexistas ou discriminatorios e para que fomenten o igual valor de homes e mulleres.

Artigo 7. *Formación inicial e permanente do profesorado.*

As administracións educativas adoptarán as medidas necesarias para que nos plans de formación inicial e permanente do profesorado se inclúa unha formación espe-

cífica en materia de igualdade, co fin de asegurar que adquiren os coñecementos e as técnicas necesarias que os habiliten para:

a) A educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais e da igualdade entre homes e mulleres e no exercicio da tolerancia e da liberdade dentro dos principios democráticos de convivencia.

b) A educación na prevención de conflitos e na resolución pacífica deles, en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social.

c) A detección precoz da violencia no ámbito familiar, especialmente sobre a muller e os fillos e fillas.

d) O fomento de actitudes encamiñadas ao exercicio de iguais dereitos e obrigas por parte de mulleres e homes, tanto no ámbito público coma privado, e a corresponsabilidade entre eles no ámbito doméstico.

Artigo 8. *Participación nos consellos escolares.*

Adoptaranse as medidas precisas para asegurar que os consellos escolares impulsen a adopción de medidas educativas que fomenten a igualdade real e efectiva entre homes e mulleres. Co mesmo fin, no Consello Escolar do Estado asegurárase a representación do Instituto da Muller e das organizacións que defendan os intereses das mulleres, con implantación en todo o territorio nacional.

Artigo 9. *Actuación da inspección educativa.*

Os servizos de inspección educativa velarán polo cumprimento e aplicación dos principios e valores recollidos neste capítulo no sistema educativo destinados a fomentar a igualdade real entre mulleres e homes.

CAPÍTULO II

No ámbito da publicidade e dos medios de comunicación

Artigo 10. *Publicidade ilícita.*

De acordo co establecido na Lei 34/1988, do 11 de novembro, xeral de publicidade, considerarase ilícita a publicidade que utilice a imaxe da muller con carácter vexatorio ou discriminatorio.

Artigo 11.

O ente público a que corresponda velar para que os medios audiovisuais cumpran as súas obrigas adoptará as medidas que procedan para asegurar un tratamento da muller conforme cos principios e valores constitucionais, sen prexuízo das posibles actuacións por parte doutras entidades.

Artigo 12. *Titulares da acción de cesación e rectificación.*

A Delegación Especial do Goberno contra a Violencia sobre a Muller, o Instituto da Muller ou órgano equivalente de cada comunidade autónoma, o Ministerio Fiscal e as asociacións que teñan como obxectivo único a defensa dos intereses da muller estarán lexitimados para exercer ante os tribunais a acción de cesación de publicidade ilícita por utilizar en forma vexatoria a imaxe da muller, nos termos da Lei 34/1988, do 11 de novembro, xeral de publicidade.

Artigo 13. *Medios de comunicación.*

1. As administracións públicas velarán polo cumprimento estrito da lexislación no relativo á protección e salvagarda dos dereitos fundamentais, con especial atención á erradicación de condutas favorecedoras de situacións de desigualdade das mulleres en todos os medios de comunicación social, de acordo coa lexislación vixente.

2. A Administración pública promoverá acordos de autorregulación que, contando con mecanismos de control preventivo e de resolución extraxudicial de controversias eficaces, contribúan ao cumprimento da lexislación publicitaria.

Artigo 14.

Os medios de comunicación fomentarán a protección e salvagarda da igualdade entre home e muller, evitando toda discriminación entre eles.

A difusión de informacións relativas á violencia sobre a muller garantirá, coa correspondente obxectividade informativa, a defensa dos dereitos humanos, a liberdade e a dignidade das mulleres vítimas de violencia e dos seus fillos. En particular, terase especial coidado no tratamento gráfico das informacións.

CAPÍTULO III

No ámbito sanitario

Artigo 15. *Sensibilización e formación.*

1. As administracións sanitarias, no seo do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde, promoverán e impulsarán actuacións dos profesionais sanitarios para a detección precoz da violencia de xénero e proporán as medidas que estimen necesarias a fin de optimizar a contribución do sector sanitario na loita contra este tipo de violencia.

2. En particular, desenvolveranse programas de sensibilización e formación continuada do persoal sanitario co fin de mellorar e impulsar o diagnóstico precoz, a asistencia e a rehabilitación da muller nas situacións de violencia de xénero a que se refire esta lei.

3. As administracións educativas competentes asegurarán que nos ámbitos curriculares das licenciaturas e diplomaturas, e nos programas de especialización das profesións sociosanitarias, se incorporen contidos dirixidos á capacitación para a prevención, a detección precoz, intervención e apoio ás vítimas desta forma de violencia.

4. Nos plans nacionais de saúde que procedan recollerase unha epígrafe de prevención e intervención integral en violencia de xénero.

Artigo 16. *Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde.*

No seo do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde constituirase, no prazo dun ano desde a entrada en vigor desta lei, unha comisión contra a violencia de xénero que apoie tecnicamente e oriente a planificación das medidas sanitarias establecidas neste capítulo, avalie e proponha as necesarias para a aplicación do protocolo sanitario e calquera outra medida que se estime precisa para que o sector sanitario contribúa á erradicación desta forma de violencia.

A Comisión contra a Violencia de Xénero do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde estará composta por representantes de todas as comunidades autónomas con competencia na materia.

A Comisión emitirá un informe anual que será remitido ao Observatorio Estatal da Violencia sobre a Muller e ao Pleno do Consello Interterritorial.

TÍTULO II

Dereitos das mulleres vítimas de violencia de xénero

CAPÍTULO I

Dereito á información, á asistencia social integral e á asistencia xurídica gratuita

Artigo 17. *Garantía dos dereitos das vítimas.*

1. Todas as mulleres vítimas de violencia de xénero, con independencia da súa orixe, relixión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social, teñen garantidos os dereitos recoñecidos nesta lei.

2. A información, a asistencia social integral e a asistencia xurídica ás vítimas da violencia de xénero, nos termos regulados neste capítulo, contribúen a facer reais e efectivos os seus dereitos constitucionais á integridade física e moral, á liberdade e seguridade e á igualdade e non-discriminación por razón de sexo.

Artigo 18. *Dereito á información.*

1. As mulleres vítimas de violencia de xénero teñen dereito a recibir plena información e asesoramento adecuado á súa situación persoal, a través dos servizos, organismos ou oficinas que poidan dispoñer as administracións públicas.

Esta información comprenderá as medidas establecidas nesta lei relativas á súa protección e seguridade, e os dereitos e axudas previstos nela, así como a referente ao lugar de prestación dos servizos de atención, emerxencia, apoio e recuperación integral.

2. Garantirase, a través dos medios necesarios, que as mulleres con discapacidade vítimas de violencia de xénero teñan acceso integral á información sobre os seus dereitos e sobre os recursos existentes. Esta información deberase ofrecer en formato accesible e comprensible ás persoas con discapacidade, tales como lingua de signos ou outras modalidades ou opcións de comunicación, incluídos os sistemas alternativos e aumentativos.

3. Así mesmo, articularanse os medios necesarios para que as mulleres vítimas de violencia de xénero que polas súas circunstancias persoais e sociais poidan ter unha maior dificultade para o acceso integral á información, teñan garantido o exercicio efectivo deste dereito.

Artigo 19. *Dereito á asistencia social integral.*

1. As mulleres vítimas de violencia de xénero teñen dereito a servizos sociais de atención, de emerxencia, de apoio e acollida e de recuperación integral. A organización destes servizos por parte das comunidades autónomas e as corporacións locais responderá aos principios de atención permanente, actuación urxente, especialización de prestacións e multidisciplinariedade profesional.

2. A atención multidisciplinar implicará especialmente:

- a) Información ás vítimas.
- b) Atención psicolóxica.
- c) Apoio social.
- d) Seguimento das reclamacións dos dereitos da muller.

- e) Apoio educativo á unidade familiar.
- f) Formación preventiva nos valores de igualdade dirixida ao seu desenvolvemento persoal e á adquisición de habilidades na resolución non violenta de conflitos.
- g) Apoio á formación e inserción laboral.

3. Os servizos adoptarán fórmulas organizativas que, pola especialización do seu persoal, polas súas características de converxencia e integración de accións, garantan a efectividade dos indicados principios.

4. Estes servizos actuarán coordinadamente e en colaboración cos corpos de seguridade, os xuíces de violencia sobre a muller, os servizos sanitarios e as institucións encargadas de prestar asistencia xurídica ás vítimas, do ámbito xeográfico correspondente. Estes servizos poderán solicitar ao xuíz as medidas urxentes que consideren necesarias.

5. Tamén terán dereito á asistencia social integral a través destes servizos sociais os menores que se encontren baixo a patria potestade ou garda e custodia da persoa agredida. Para estes efectos, os servizos sociais deberán contar con persoal especificamente formado para atender os menores, co fin de previr e evitar de forma eficaz as situacións que poidan comportar danos psíquicos e físicos aos menores que viven en medios familiares onde existe violencia de xénero.

6. Nos instrumentos e procedementos de cooperación entre a Administración xeral do Estado e a Administración das comunidades autónomas nas materias reguladas neste artigo, incluíranse compromisos de achega, por parte da Administración xeral do Estado, de recursos financeiros referidos especificamente á prestación dos servizos.

7. Os organismos de igualdade orientarán e valorarán os programas e accións que se leven a cabo e emitirán recomendacións para a súa mellora.

Artigo 20. *Asistencia xurídica.*

1. As mulleres vítimas de violencia de xénero que acrediten insuficiencia de recursos para litigar, nos termos establecidos na Lei 1/1996, do 10 xaneiro, de asistencia xurídica gratuita, teñen dereito á defensa e representación gratuitas por avogado e procurador en todos os procesos e procedementos administrativos que teñan causa directa ou indirecta na violencia padecida. Nestes supostos unha mesma dirección letrada asumirá a defensa da vítima. Este dereito asistirá tamén os habentes causa en caso de falecemento da vítima. En todo caso, garantirase a defensa xurídica, gratuita e especializada de forma inmediata a todas as vítimas de violencia de xénero que o soliciten, sen prexuízo de que se non se lles recoñece con posterioridade o dereito á asistencia xurídica gratuita, estas deberán aboarlle ao avogado os honorarios devengados pola súa intervención.

2. En todo caso, cando se trate de garantir a defensa e a asistencia xurídica ás vítimas de violencia de xénero, procederase de conformidade co disposto na Lei 1/1996, do 10 xaneiro, de asistencia xurídica gratuita.

3. Os colexios de avogados, cando exixan para o exercicio da quenda de oficio cursos de especialización, asegurarán unha formación específica que coaduxve ao exercicio profesional dunha defensa eficaz en materia de violencia de xénero.

4. Igualmente, os colexios de avogados adoptarán as medidas necesarias para a designación urxente de letrado de oficio nos procedementos que se sigan por violencia de xénero.

CAPÍTULO II

Dereitos laborais e prestacións da Seguridade Social**Artigo 21. Dereitos laborais e de Seguridade Social.**

1. A traballadora vítima de violencia de xénero terá dereito, nos termos previstos no Estatuto dos traballadores, á redución ou á reordenación do seu tempo de traballo, á mobilidade xeográfica, ao cambio de centro de traballo, á suspensión da relación laboral con reserva de posto de traballo e á extinción do contrato de traballo.

2. Nos termos previstos na Lei xeral da Seguridade Social, a suspensión e a extinción do contrato de traballo previstas no número anterior darán lugar á situación legal de desemprego. O tempo de suspensión considerarase como período de cotización efectiva para efectos das prestacións de Seguridade Social e de desemprego.

3. As empresas que formalicen contratos de interinidade para substituír traballadoras vítimas de violencia de xénero que suspendesen o seu contrato de traballo ou exercesen o seu dereito á mobilidade xeográfica ou ao cambio de centro de traballo, terán dereito a unha bonificación do 100 por 100 das cotas empresariais á Seguridade Social por contingencias comúns, durante todo o período de suspensión da traballadora substituída ou durante seis meses nos supostos de mobilidade xeográfica ou cambio de centro de traballo. Cando se produza a reincorporación, esta realizarase nas mesmas condicións existentes no momento da suspensión do contrato de traballo.

4. As ausencias ou faltas de puntualidade ao traballo motivadas pola situación física ou psicolóxica derivada da violencia de xénero consideraranse xustificadas, cando así o determinen os servizos sociais de atención ou servizos de saúde, segundo proceda, sen prexuízo de que estas ausencias sexan comunicadas pola traballadora á empresa o antes posible.

5. Ás traballadoras por conta propia vítimas de violencia de xénero que cesen na súa actividade para facer efectiva a súa protección ou o seu dereito á asistencia social integral, suspenderáselles a obriga de cotización durante un período de seis meses, que lles serán considerados como de cotización efectiva para efectos das prestacións de Seguridade Social. Así mesmo, a súa situación será considerada como asimilada á alta.

Para os efectos do previsto no parágrafo anterior, tomarase unha base de cotización equivalente á media das bases cotizadas durante os seis meses previos á suspensión da obriga de cotizar.

Artigo 22. Programa específico de emprego.

No marco do Plan de Emprego do Reino de España, incluírase un programa de acción específico para as vítimas de violencia de xénero inscritas como demandantes de emprego.

Este programa incluírá medidas para favorecer o inicio dunha nova actividade por conta propia.

Artigo 23. Acreditación das situacións de violencia de xénero exercida sobre as traballadoras.

As situacións de violencia que dan lugar ao recoñecemento dos dereitos regulados neste capítulo acreditaranse coa orde de protección a favor da vítima. Excepcionalmente, será título de acreditación desta situación o informe do Ministerio Fiscal que indique a existencia de indicios de que a demandante é vítima de violencia de xénero ata que se dite a orde de protección.

CAPÍTULO III

Dereitos das funcionarias públicas**Artigo 24. Ámbito dos dereitos.**

A funcionaria vítima de violencia de xénero terá dereito á redución ou á reordenación do seu tempo de traballo, á mobilidade xeográfica de centro de traballo e á excedencia nos termos que se determinen na súa lexislación específica.

Artigo 25. Xustificación das faltas de asistencia.

As ausencias totais ou parciais ao traballo motivadas pola situación física ou psicolóxica derivada da violencia de xénero sufrida por unha muller funcionaria consideraranse xustificadas nos termos que se determine na súa lexislación específica.

Artigo 26. Acreditación das situacións de violencia de xénero exercida sobre as funcionarias.

A acreditación das circunstancias que dan lugar ao recoñecemento dos dereitos de mobilidade xeográfica de centro de traballo, excedencia, e redución ou reordenación do tempo de traballo realizarase nos termos establecidos no artigo 23.

CAPÍTULO IV

Dereitos económicos**Artigo 27. Axudas sociais.**

1. Cando as vítimas de violencia de xénero carecen de rendas superiores, en cómputo mensual, ao 75 por 100 do salario mínimo interprofesional, excluída a parte proporcional de dúas pagas extraordinarias, recibirán unha axuda de pagamento único, sempre que se presuma que debido á súa idade, falta de preparación xeral ou especializada e circunstancias sociais, a vítima terá especiais dificultades para obter un emprego e por esta circunstancia non participará nos programas de emprego establecidos para a súa inserción profesional.

2. O importe desta axuda será equivalente ao de seis meses de subsidio por desemprego. Cando a vítima da violencia exercida contra a muller tivese recoñecida oficialmente unha minusvalidez en grao igual ou superior ao 33 por 100, o importe sería equivalente a 12 meses de subsidio por desemprego.

3. Estas axudas, financiadas con cargo aos orzamentos xerais do Estado, serán concedidas polas administracións competentes en materia de servizos sociais. Na tramitación do procedemento de concesión, deberase incorporar informe do Servizo Público de Emprego referido á previsibilidade de que polas circunstancias a que se refire o número 1 deste artigo, a aplicación do programa de emprego non incida de forma substancial na mellora da empregabilidade da vítima.

A concorrencia das circunstancias de violencia acreditarase de conformidade co establecido no artigo 23 desta lei.

4. No caso de que a vítima teña responsabilidades familiares, o seu importe poderá alcanzar o dun período equivalente ao de 18 meses de subsidio, ou de 24 meses se a vítima ou algún dos familiares que conviven con ela ten recoñecida oficialmente unha minusvalidez en grao igual ou superior ao 33 por 100, nos termos que establezan as disposicións de desenvolvemento desta lei.

5. Estas axudas serán compatibles con calquera das previstas na Lei 35/1995, do 11 de decembro, de axudas e asistencia ás vítimas de delitos violentos e contra a liberdade sexual.

Artigo 28. *Acceso á vivenda e residencias públicas para maiores.*

As mulleres vítimas de violencia de xénero serán consideradas colectivos prioritarios no acceso a vivendas protexidas e residencias públicas para maiores, nos termos que determine a lexislación aplicable.

TÍTULO III

Tutela institucional

Artigo 29. *A Delegación Especial do Goberno contra a Violencia sobre a Muller.*

1. A Delegación Especial do Goberno contra a Violencia sobre a Muller, adscrito ao Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais, formulará as políticas públicas en relación coa violencia de xénero que deberá desenvolver o Goberno, e coordinará e impulsará cantas accións se realicen nesta materia, traballando en colaboración e coordinación coas administracións con competencia na materia.

2. O titular da Delegación Especial do Goberno contra a Violencia sobre a Muller estará lexitimado ante os órganos xurisdiccionais para intervir en defensa dos dereitos e dos intereses tutelados nesta lei en colaboración e coordinación coas administracións con competencias na materia.

3. Regulamentariamente determinarase o rango e as funcións concretas do titular da Delegación Especial do Goberno contra a Violencia sobre a Muller.

Artigo 30. *Observatorio Estatal de Violencia sobre a Muller.*

1. Constituirase o Observatorio Estatal de Violencia sobre a Muller, como órgano colexiado adscrito ao Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais, ao cal corresponderá o asesoramento, avaliación, colaboración institucional, elaboración de informes e estudos, e propostas de actuación en materia de violencia de xénero. Estes informes, estudos e propostas considerarán de forma especial a situación das mulleres con maior risco de sufrir violencia de xénero ou con maiores dificultades para acceder aos servizos. En calquera caso, os datos contidos nestes informes, estudos e propostas consignaranse desagregados por sexo.

2. O Observatorio Estatal de Violencia sobre a Muller remitiralle ao Goberno e ás comunidades autónomas, con periodicidade anual, un informe sobre a evolución da violencia exercida sobre a muller nos termos a que se refire o artigo 1 desta lei, con determinación dos tipos penais que se aplicasen, e da efectividade das medidas acordadas para a protección das vítimas. O informe destacará, así mesmo, as necesidades de reforma legal con obxecto de garantir que a aplicación das medidas de protección adoptadas poidan asegurar o máximo nivel de tutela para as mulleres.

3. Regulamentariamente determinarase as súas funcións, o seu réxime de funcionamento e a súa composición, na cal se garantirá, en todo caso, a participación das comunidades autónomas, as entidades locais, os axentes sociais, as asociacións de consumidores e usuarios, e as organizacións de mulleres con implantación en

todo o territorio do Estado así como das organizacións empresariais e sindicais máis representativas.

Artigo 31. *Forzas e corpos de seguridade.*

1. O Goberno establecerá, nas forzas e corpos de seguridade do Estado, unidades especializadas na prevención da violencia de xénero e no control da execución das medidas xudiciais adoptadas.

2. O Goberno, co fin de facer máis efectiva a protección das vítimas, promoverá as actuacións necesarias para que as policía locais, no marco da súa colaboración coas forzas e corpos de seguridade do Estado, cooperen en asegurar o cumprimento das medidas acordadas polos órganos xudiciais cando estas sexan algunhas das previstas nesta lei ou no artigo 544 bis da Lei de axuízamento criminal ou no artigo 57 do Código penal.

3. A actuación das forzas e corpos de seguridade deberá ter en conta o protocolo de actuación das forzas e corpos de seguridade e de coordinación cos órganos xudiciais para a protección da violencia doméstica e de xénero.

4. O disposto neste artigo será de aplicación nas comunidades autónomas que contén con corpos de policía que desenvolvan as funcións de protección das persoas e bens e o mantemento da orde e da seguridade cidadá dentro do territorio autónomo, nos termos previstos nos seus estatutos, na Lei orgánica 2/1986, do 13 de marzo, de forzas e corpos de seguridade, e nas súas leis de policía, e todo isto coa finalidade de facer máis efectiva a protección das vítimas.

Artigo 32. *Plans de colaboración.*

1. Os poderes públicos elaborarán plans de colaboración que garantan a ordenación das súas actuacións na prevención, asistencia e persecución dos actos de violencia de xénero, que deberán implicar as administracións sanitarias, a Administración de xustiza, as forzas e corpos de seguridade e os servizos sociais e organismos de igualdade.

2. En desenvolvemento destes plans, articularanse protocolos de actuación que determinen os procedementos que aseguren unha actuación global e integral das distintas administracións e servizos implicados, e que garantan a actividade probatoria nos procesos que se sigan.

3. As administracións con competencias sanitarias promoverán a aplicación, permanente actualización e difusión de protocolos que conteñan pautas uniformes de actuación sanitaria, tanto no ámbito público coma privado, e en especial, do protocolo aprobado polo Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde.

Tales protocolos impulsarán as actividades de prevención, detección precoz e intervención continuada coa muller sometida a violencia de xénero ou en risco de padecela.

Os protocolos, ademais de referirse aos procedementos que se seguirán, farán referencia expresa ás relacións coa Administración de xustiza, naqueles casos en que exista constatación ou sospeita fundada de danos físicos ou psíquicos ocasionados por estas agresións ou abusos.

4. Nas actuacións previstas neste artigo considérase de forma especial a situación das mulleres que, polas súas circunstancias persoais e sociais poidan ter maior risco de sufrir a violencia de xénero ou maiores dificultades para acceder aos servizos previstos nesta lei, tales como as pertencentes a minorías, as inmigrantes, as que se encontran en situación de exclusión social ou as mulleres con discapacidade.

TÍTULO IV

Tutela penal

Artigo 33. *Suspensión de penas.*

O parágrafo segundo do número 1, 6.^a, do artigo 83 do Código penal, na redacción dada pola Lei orgánica 15/2003, queda redactado da forma seguinte:

«Se se trata de delitos relacionados coa violencia de xénero, o xuíz ou tribunal condicionará en todo caso a suspensión ao cumprimento das obrigas ou deberes previstos nas regras 1.^a, 2.^a e 5.^a deste punto.»

Artigo 34. *Comisión de delitos durante o período de suspensión da pena.*

O número 3 do artigo 84 do Código penal, na redacción dada pola Lei orgánica 15/2003, queda redactado da forma seguinte:

«3. No suposto en que a pena suspendida sexa de prisión por comisión de delitos relacionados coa violencia de xénero, o incumprimento por parte do reo das obrigas ou deberes previstos nas regras 1.^a, 2.^a e 5.^a do número 1 do artigo 83 determinará a revogación da suspensión da execución da pena.»

Artigo 35. *Substitución de penas.*

O parágrafo terceiro do número 1 do artigo 88 do Código penal, na redacción dada pola Lei orgánica 15/2003, queda redactado da forma seguinte:

«No caso de que o reo sexa condenado por un delito relacionado coa violencia de xénero, a pena de prisión só poderá ser substituída pola de traballos en beneficio da comunidade. Nestes supostos, o xuíz ou tribunal imporá adicionalmente, ademais da suxeición a programas específicos de reeducación e tratamento psicolóxico, a observancia das obrigas ou deberes previstos nas regras 1.^a e 2.^a, do número 1 do artigo 83 deste código.»

Artigo 36. *Protección contra as lesións.*

Modifícase o artigo 148 do Código penal, que queda redactado da seguinte forma:

«As lesións previstas no número 1 do artigo anterior poderán ser castigadas coa pena de prisión de dous a cinco anos, atendendo ao resultado causado ou risco producido:

1.^o Se na agresión se utilizan armas, instrumentos, obxectos, medios, métodos ou formas concretamente perigosas para a vida ou a saúde, física ou psicolóxica, do lesionado.

2.^o Se media asañamento ou aleivosía.

3.^o Se a vítima é menor de doce anos ou incapaz.

4.^o Se a vítima é ou foi esposa, ou muller que está ou estivo ligada ao autor por unha análoga relación de afectividade, aínda sen convivencia.

5.^o Se a vítima é unha persoa especialmente vulnerable que conviva co autor.»

Artigo 37. *Protección contra os malos tratos.*

O artigo 153 do Código penal, queda redactado como segue:

«1. O que por calquera medio ou procedemento lle cause a outro menoscabo psíquico ou unha lesión non definidos como delito neste código, ou golpee ou maltrate de obra a outro sen causarlle lesión, cando a ofendida sexa ou fose esposa, ou muller que estea ou estivese ligada a el por unha análoga relación de afectividade aínda sen convivencia, ou persoa especialmente vulnerable que conviva co autor, será castigado coa pena de prisión de seis meses a un ano ou de traballos en beneficios da comunidade de trinta e un a oitenta días e, en todo caso, privación do dereito á tenza e porte de armas dun ano e un día a tres anos, así como, cando o xuíz ou tribunal o coide adecuado ao interese do menor ou incapaz, inhabilitación para o exercicio de patria potestade, tutela, curatela, garda ou acollemento ata cinco anos.

2. Se a vítima do delito previsto no punto anterior é algunha das persoas a que se refire o artigo 173.2, exceptuadas as persoas recollidas no número anterior deste artigo, o autor será castigado coa pena de prisión de tres meses a un ano ou de traballos en beneficio da comunidade de trinta e un a oitenta días e, en todo caso, privación do dereito á tenza e porte de armas dun ano e un día a tres anos, así como, cando o xuíz ou tribunal o estime adecuado ao interese do menor ou incapaz, inhabilitación para o exercicio de patria potestade, tutela, curatela, garda ou acollemento de seis meses a tres anos.

3. As penas previstas nos números 1 e 2 imponse na súa metade superior cando o delito se perpetre en presenza de menores, ou utilizando armas, ou teña lugar no domicilio común ou no domicilio da vítima, ou se realice quebrantando unha pena das recollidas no artigo 48 deste código ou unha medida cautelar ou de seguridade da mesma natureza.

4. Non obstante o previsto nos números anteriores, o xuíz ou tribunal, razoándoo en sentenza, en atención ás circunstancias persoais do autor e as concorrentes na realización do feito, poderá impor a pena inferior en grao.»

Artigo 38. *Protección contra as ameazas.*

Engádense tres puntos, numerados como 4, 5 e 6, ao artigo 171 do Código penal, que terán a seguinte redacción:

«4. O que de modo leve ameace a quen sexa ou fose a súa esposa, ou muller que estea ou estivese ligada a el por unha análoga relación de afectividade aínda sen convivencia, será castigado coa pena de prisión de seis meses a un ano ou de traballos en beneficio da comunidade de trinta e un a oitenta días e, en todo caso, privación do dereito á tenza e porte de armas dun ano e un día a tres anos, así como, cando o xuíz ou tribunal o estime adecuado ao interese do menor ou incapaz, inhabilitación especial para o exercicio da patria potestade, tutela, curatela, garda ou acollemento ata cinco anos.

Igual pena se lle imporá ao que de modo leve ameace unha persoa especialmente vulnerable que conviva co autor.

5. O que de modo leve ameace con armas ou outros instrumentos perigosos a algunha das per-

soas a que se refire o artigo 173.2, exceptuadas as recollidas no punto anterior deste artigo, será castigado coa pena de prisión de tres meses a un ano ou traballos en beneficios da comunidade de trinta e un a oitenta días e, en todo caso, privación do dereito á tenza e porte de armas dun a tres anos, así como, cando o xuíz ou tribunal o estime adecuado ao interese do menor ou incapaz, inhabilitación especial para o exercicio da patria potestade, tutela, curatela, garda ou acollemento por tempo de seis meses a tres anos.

Imporanse as penas previstas nos números 4 e 5, na súa metade superior cando o delito se perpetre en presenza de menores, ou teña lugar no domicilio común ou no domicilio da vítima, ou se realice quebrantando unha pena das establecidas no artigo 48 deste código ou unha medida cautelar ou de seguridade da mesma natureza.

6. Non obstante o previsto nos números 4 e 5, o xuíz ou tribunal, razoándoo en sentenza, en atención ás circunstancias persoais do autor e ás concorrentes na realización do feito, poderá impor a pena inferior en grao.»

Artigo 39. *Protección contra as coaccións.*

O contido actual do artigo 172 do Código penal queda numerado como número 1 e engádesse un número 2 ao dito artigo coa seguinte redacción:

«2. O que de modo leve coaccione a quen sexa ou fose a súa esposa, ou muller que estea ou estivese ligada a el por unha análoga relación de afectividade, aínda sen convivencia, será castigado coa pena de prisión de seis meses a un ano ou de traballos en beneficio da comunidade de trinta e un a oitenta días e, en todo caso, privación do dereito á tenza e porte de armas dun ano e un día a tres anos, así como, cando o xuíz ou tribunal o estime adecuado ao interese do menor ou incapaz, inhabilitación especial para o exercicio da patria potestade, tutela, curatela, garda ou acollemento ata cinco anos.

Igual pena se lle imporá ao que de modo leve coaccione unha persoa especialmente vulnerable que conviva co autor.

Imporase a pena na súa metade superior cando o delito se perpetre en presenza de menores, ou teña lugar no domicilio común ou no domicilio da vítima, ou se realicen quebrantando unha pena das establecidas no artigo 48 deste código ou unha medida cautelar ou de seguridade da mesma natureza.

Non obstante o previsto nos parágrafos anteriores, o xuíz ou tribunal, razoándoo en sentenza, en atención ás circunstancias persoais do autor e ás concorrentes na realización do feito, poderá impor a pena inferior en grao.»

Artigo 40. *Quebrantamento de condena.*

Modifícase o artigo 468 do Código penal que queda redactado da seguinte forma:

«1. Os que quebren a súa condena, medida de seguridade, prisión, medida cautelar, condución ou custodia serán castigados coa pena de prisión de seis meses a un ano se están privados de liberdade, e coa pena de multa de doce a vinte e catro meses nos demais casos.

2. Imporáselles en todo caso a pena de prisión de seis meses a un ano aos que quebren unha pena das recollidas no artigo 48 deste código ou unha medida cautelar ou de seguridade da mesma natureza impostas en procesos criminais nos cales o

ofendido sexa algunha das persoas ás que se refire o artigo 173.2.»

Artigo 41. *Protección contra as vexacións leves.*

O artigo 620 do Código penal queda redactado como segue:

«Serán castigados coa pena de multa de dez a vinte días:

1.º Os que de modo leve ameacen outro con armas ou outros instrumentos perigosos, ou os saquen en rifa, como non sexa en xusta defensa e salvo que o feito sexa constitutivo de delito.

2.º Os que causen a outro unha ameaza, coacción, injuria ou vexación inxusta de carácter leve, salvo que o feito sexa constitutivo de delito.

Os feitos descritos nos dous números anteriores só serán perseguibles mediante denuncia da persoa agraviada ou do seu representante legal.

Nos supostos do número 2.º deste artigo, cando o ofendido sexa algunha das persoas a que se refire o artigo 173.2, a pena será a de localización permanente de catro a oito días, sempre en domicilio diferente e afastado do da vítima, ou traballos en beneficio da comunidade de cinco a dez días. Nestes casos non será exixible a denuncia a que se refire o parágrafo anterior deste artigo, excepto para a persecución das injurias.»

Artigo 42. *Administración penitenciaria.*

1. A Administración penitenciaria realizará programas específicos para internos condenados por delitos relacionados coa violencia de xénero.

2. As xuntas de tratamento valorarán, nas progresións de grao, concesión de permisos e concesión da liberdade condicional, o seguimento e aproveitamento destes programas específicos por parte dos internos a que se refire o número anterior.

TÍTULO V

Tutela xudicial

CAPÍTULO I

Dos xulgados de violencia sobre a muller

Artigo 43. *Organización territorial.*

Engádesse un artigo 87 bis na Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, coa seguinte redacción:

«1. En cada partido haberá un ou máis xulgados de violencia sobre a muller, con sede na capital daquel e xurisdición en todo o seu ámbito territorial. Tomarán a súa designación do municipio da súa sede.

2. Non obstante o anterior, poderanse establecer, excepcionalmente, xulgados de violencia sobre a muller que estendan a súa xurisdición a dous ou máis partidos dentro da mesma provincia.

3. O Consello Xeral do Poder Xudicial poderá acordar, logo do informe das salas de goberno, que, naquelas circunscricións onde sexa conveniente en función da carga de traballo existente, o coñecemento dos asuntos referidos no artigo 87 ter desta lei orgánica, corresponda a un dos xulgados de primeira instancia e instrución, ou de instrución, se é o caso, determinándose nesta situación que un só destes órganos coñeza de todos estes asuntos den-

tro do partido xudicial, xa sexa de forma exclusiva ou coñecendo tamén doutras materias.

4. Nos partidos xudiciais en que exista un só xulgado de primeira instancia e instrución será este o que asuma o coñecemento dos asuntos a que se refire o artigo 87 ter desta lei.»

Artigo 44. *Competencia.*

Engádesse un artigo 87 ter na Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, coa seguinte redacción:

«1. Os xulgados de violencia sobre a muller coñecerán, na orde penal, de conformidade en todo caso cos procedementos e recursos previstos na Lei de axuízamento criminal, dos seguintes supostos:

a) Da instrución dos procesos para exixir responsabilidade penal polos delitos recollidos nos títulos do Código penal relativos a homicidio, aborto, lesións, lesións ao feto, delitos contra a liberdade, delitos contra a integridade moral, contra a liberdade e indemnidade sexuais ou calquera outro delito cometido con violencia ou intimidación, sempre que se cometesen contra quen sexa ou fose a súa esposa, ou muller que estea ou estivese ligada ao autor por análoga relación de afectividade, aínda sen convivencia, así como dos cometidos sobre os descendentes, propios ou da esposa ou convivente, ou sobre os menores ou incapaces que con el convivan ou que se encontren suxeitos á potestade, tutela, curatela, acollemento ou garda de feito da esposa ou convivente, cando tamén se producise un acto de violencia de xénero.

b) Da instrución dos procesos para exixir responsabilidade penal por calquera delito contra os dereitos e deberes familiares, cando a vítima sexa algunha das persoas sinaladas como tales na letra anterior.

c) Da adopción das correspondentes ordes de protección ás vítimas, sen prexuízo das competencias atribuídas ao xuíz de garda.

d) Do coñecemento e decisión das faltas contidas nos títulos I e II do libro III do Código penal, cando a vítima sexa algunha das persoas sinaladas como tales na alínea a) deste punto.

2. Os xulgados de violencia sobre a muller poderán coñecer na orde civil, en todo caso de conformidade cos procedementos e recursos previstos na Lei de axuízamento civil, dos seguintes asuntos:

a) Os de filiación, maternidade e paternidade.
b) Os de nulidade do matrimonio, separación e divorcio.

c) Os que versen sobre relacións paterno-filiais.

d) Os que teñan por obxecto a adopción ou modificación de medidas de transcendencia familiar.

e) Os que versen exclusivamente sobre garda e custodia de fillos e fillas menores ou sobre alimentos reclamados por un proxenitor contra o outro en nome dos fillos e fillas menores.

f) Os que versen sobre a necesidade de asentimento na adopción.

g) Os que teñan por obxecto a oposición ás resolucións administrativas en materia de protección de menores.

3. Os xulgados de violencia sobre a muller terán de forma exclusiva e excluínente competencia na orde civil cando concorran simultaneamente os seguintes requisitos:

a) Que se trate dun proceso civil que teña por obxecto algunha das materias indicadas no número 2 deste artigo.

b) Que algunha das partes do proceso civil sexa vítima dos actos de violencia de xénero, nos termos a que fai referencia o número 1 a) deste artigo.

c) Que algunha das partes do proceso civil sexa imputado como autor, indutor ou cooperador necesario na realización de actos de violencia de xénero.

d) Que se iniciasen ante o xuíz de violencia sobre a muller actuacións penais por delito ou falta a consecuencia dun acto de violencia sobre a muller, ou se adoptase unha orde de protección a unha vítima de violencia de xénero.

4. Cando o xuíz apreciase que os actos postos no seu coñecemento, de forma notoria, non constitúen expresión de violencia de xénero, poderá inadmitir a pretensión, remitíndolla ao órgano xudicial competente.

5. En todos estes casos está vedada a mediación.»

Artigo 45. *Recursos en materia penal.*

Engádesse un novo ordinal 4.º ao artigo 82.1 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, coa seguinte redacción:

«Dos recursos que estableza a lei contra as resolucións en materia penal ditadas polos xulgados de violencia sobre a muller da provincia. A fin de facilitar o coñecemento destes recursos, e atendendo ao número de asuntos existentes, deberán especializarse unha ou varias das súas seccións de conformidade co previsto no artigo 98 da citada lei orgánica. Esta especialización estenderase a aqueles supostos en que lle corresponda á audiencia provincial o axuízamento en primeira instancia de asuntos instruídos polos xulgados de violencia sobre a muller da provincia.»

Artigo 46. *Recursos en materia civil.*

Engádesse un novo parágrafo ao artigo 82.4 na Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, coa seguinte redacción:

«As audiencias provinciais coñecerán, así mesmo, dos recursos que estableza a lei contra as resolucións ditadas en materia civil polos xulgados de violencia sobre a muller da provincia. A fin de facilitar o coñecemento destes recursos, e atendendo ao número de asuntos existentes, poderanse especializar unha ou varias das súas seccións de conformidade co previsto no artigo 98 da citada lei orgánica.»

Artigo 47. *Formación.*

O Goberno, o Consello Xeral do Poder Xudicial e as comunidades autónomas, no ámbito das súas respectivas competencias, aseguraran unha formación específica relativa á igualdade e non-discriminación por razón de sexo e sobre violencia de xénero nos cursos de formación de xuíces e maxistrados, fiscais, secretarios xudiciais, forzas e corpos de seguridade e médicos forenses. En todo caso, nos cursos de formación anteriores introducirase o enfoque da discapacidade das vítimas.

Artigo 48. Xurisdición dos xulgados.

Modifícase o número 1 do artigo 4 da Lei 38/1988, do 28 de decembro, de demarcación e planta xudicial, que queda redactado da seguinte forma:

«1. Os xulgados de primeira instancia e instrución e os xulgados de violencia sobre a muller teñen xurisdición no ámbito territorial do seu respectivo partido.

Non obstante o anterior, e atendidas as circunstancias xeográficas, de situación e poboación, poderanse crear xulgados de violencia sobre a muller que atendan a máis dun partido xudicial.»

Artigo 49. Sede dos xulgados.

Modifícase o artigo 9 da Lei 38/1988, do 28 de decembro, de demarcación e planta xudicial, que queda redactado da seguinte forma:

«Os xulgados de primeira instancia e instrución e os xulgados de violencia sobre a muller teñen a súa sede na capital do partido.»

Artigo 50. Planta dos xulgados de violencia sobre a muller.

Engádesse un artigo 15 bis na Lei 38/1988, do 28 de decembro, de demarcación e planta xudicial, coa seguinte redacción:

«1. A planta inicial dos xulgados de Violencia sobre a Muller será a establecida no anexo XIII desta lei.

2. A concreción da planta inicial e a que sexa obxecto de desenvolvemento posterior, será realizada mediante real decreto de conformidade co establecido no artigo 20 desta lei e axustarase aos seguintes criterios:

a) Poderanse crear xulgados de violencia sobre a muller naqueles partidos xudiciais en que a carga de traballo así o aconselle.

b) Naqueles partidos xudiciais nos cales, en atención ao volume de asuntos, non se considere necesario o desenvolvemento da planta xudicial, poderanse transformar algúns dos xulgados de instrución e de primeira instancia e instrución en funcionamento en xulgados de violencia sobre a muller.

c) Así mesmo, cando se considere, en función da carga de traballo, que non é precisa a creación dun órgano xudicial específico, determinarase, de existiren varios, qué xulgados de instrución ou de primeira instancia e instrución asumirán o coñecemento das materias de violencia sobre a muller nos termos do artigo 1 da Lei orgánica de medidas de protección integral contra a violencia de xénero con carácter exclusivo xunto co resto das correspondentes á xurisdición penal ou civil, segundo a natureza do órgano en cuestión.

3. Serán servidos por maxistrados os xulgados de violencia sobre a muller que teñan a súa sede na capital da provincia e os demais xulgados que así se establecen no anexo XIII desta lei.»

Artigo 51. Prazas servidas por maxistrados.

O número 2 do artigo 21 da Lei 38/1988, do 28 de decembro, de demarcación e planta xudicial terá a seguinte redacción:

«2. O ministro de Xustiza poderá establecer que os xulgados de primeira instancia e de instrución ou de primeira instancia e instrución e os xulga-

dos de violencia sobre a muller, sexan servidos por maxistrados, sempre que estean radicados nun partido xudicial superior a 150.000 habitantes de dereito ou experimenten aumentos de poboación de feito que superen esa cifra, e o volume de cargas competenciales así o exixa.»

Artigo 52. Constitución dos xulgados.

Inclúese un novo artigo 46 ter na Lei 38/1988, do 28 de decembro, de demarcación e planta xudicial, coa seguinte redacción:

«1. O Goberno, dentro do marco da Lei de orzamentos xerais do Estado, oído o Consello Xeral do Poder Xudicial e, se é o caso, a Comunidade Autónoma afectada, procederá de forma graduada e mediante real decreto á constitución, compatibilización e transformación de xulgados de instrución e de primeira instancia e instrución para a plena efectividade da planta dos xulgados de violencia sobre a muller.

2. En canto as comunidades autónomas non fixen a sede dos xulgados de violencia sobre a muller, esta entenderase situada naquelas poboacións que se establezan no anexo XIII desta lei.»

Artigo 53. Notificación das sentenzas ditadas polos tribunais.

Engádesse un novo parágrafo no artigo 160 da Lei de axuízamento criminal, co contido seguinte:

«Cando a instrución da causa correspondese a un xulgado de violencia sobre a muller a sentenza seralle remitida a este por testemuño de forma inmediata, con indicación de se a sentenza é ou non firme.»

Artigo 54. Especialidades no suposto de xuízos rápidos.

Engádesse un novo artigo 779 bis na Lei de axuízamento criminal co contido seguinte:

«1. No suposto de que a competencia corresponda ao xulgado de violencia sobre a muller, as dilixencias e resolucións sinaladas nos artigos anteriores deberán ser practicadas e adoptadas durante as horas de audiencia.

2. A Policía Xudicial deberá realizar as citacións a que se refire o artigo 796, ante o xulgado de violencia sobre a muller, no día hábil máis próximo, entre aqueles que se fixen regulamentariamente.

Non obstante, o detido, se o houber, deberá ser posto á disposición do xulgado de instrución de garda, para os únicos efectos de regularizar a súa situación persoal, cando non sexa posible a presentación ante o xulgado de violencia sobre a muller que resulte competente.

3. Para a realización das citacións antes referidas, a Policía Xudicial fixará o día e a hora da comparecencia coordinadamente co xulgado de violencia sobre a muller. Para estes efectos o Consello Xeral do Poder Xudicial, de acordo co establecido no artigo 110 da Lei orgánica do poder xudicial, ditará os regulamentos oportunos para asegurar esta coordinación.»

Artigo 55. Notificación das sentenzas ditadas por xulgado do penal.

Engádesse un número 5 no artigo 789 da Lei de axuízamento criminal, co contido seguinte:

«5. Cando a instrución da causa correspondese a un xulgado de violencia sobre a muller, a sentenza seralle remitida a este por testemuño de forma inmediata. Igualmente, remitiráselle a declaración de firmeza e a sentenza de segunda instancia cando esta sexa revogatoria, en todo ou en parte, da sentenza previamente ditada.»

Artigo 56. *Especialidades no suposto de xuízos rápidos en materia de faltas.*

Engádesse un novo número 5 ao artigo 962 da Lei de axuízamento criminal, co contido seguinte:

«5. No suposto de que a competencia para coñecer corresponda ao xulgado de violencia sobre a muller, a policía xudicial deberá realizar as citacións a que se refire este artigo ante o dito xulgado no día hábil máis próximo. Para a realización das citacións antes referidas, a policía xudicial fixará o día e a hora da comparecencia coordinadamente co xulgado de violencia sobre a muller.

Para estes efectos o Consello Xeral do Poder Xudicial, de acordo co establecido no artigo 110 da Lei orgánica do poder xudicial, ditará os regulamentos oportunos para asegurar esta coordinación.»

CAPÍTULO II

Normas procesuais civís

Artigo 57. *Perda da competencia obxectiva cando se producen actos de violencia sobre a muller.*

Engádesse un novo artigo 49 bis na Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuízamento civil, cuxa redacción é a seguinte:

«Artigo 49 bis. *Perda da competencia cando se produzan actos de violencia sobre a muller.*

1. Cando un xuíz, que estea coñecendo en primeira instancia dun procedemento civil, teña noticia da comisión dun acto de violencia dos definidos no artigo 1 da Lei orgánica de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, que dese lugar á iniciación dun proceso penal ou a unha orde de protección, tras verificar a concorrencia dos requisitos previstos no parágrafo terceiro do artigo 87 ter da Lei orgánica do poder xudicial, deberá inhibirse, remitindo os autos no estado en que se encontren ao xuíz de violencia sobre a muller que resulte competente, agás que se iniciase a fase do xuízo oral.

2. Cando un xuíz que estea coñecendo dun procedemento civil, teña noticia da posible comisión dun acto de violencia de xénero que non dese lugar á iniciación dun proceso penal nin a ditar unha orde de protección, tras verificar que concorren os requisitos do parágrafo terceiro do artigo 87 ter da Lei orgánica do poder xudicial, deberá inmediatamente citar as partes a unha comparecencia co Ministerio Fiscal que se celebrará nas seguintes 24 horas a fin de que este tome coñecemento de cantos datos sexan relevantes sobre os feitos acaecidos. Tras ela, o fiscal, de maneira inmediata, deberá decidir se denuncia, nas 24 horas seguintes, os actos de violencia de xénero ou solicita orde de protección ante o xulgado de violencia sobre a muller que resulte competente. No suposto de que se interpoña denuncia ou se solicite a orde de protección, o fiscal deberá entregar copia da denuncia ou solicitude no tribunal, o cal continuará coñecendo do asunto ata que sexa, se é o caso, requirido de

inhibición polo xuíz de violencia sobre a muller competente.

3. Cando un xuíz de violencia sobre a muller que estea coñecendo dunha causa penal por violencia de xénero teña coñecemento da existencia dun proceso civil, e verifique a concorrencia dos requisitos do parágrafo terceiro do artigo 87 ter da Lei orgánica do poder xudicial, requirirá de inhibición ao tribunal civil, o cal deberá acordar de inmediato a súa inhibición e a remisión dos autos ao órgano requirente.

Para os efectos do parágrafo anterior, o requirimento de inhibición irá acompañado de testemuño de incoación de dilixencias previas ou de xuízo de faltas, do auto de admisión da querela ou da orde de protección adoptada.

4. Nos casos previstos nos números 1 e 2 deste artigo, o tribunal civil remitirá os autos ao xulgado de violencia sobre a muller sen que sexa de aplicación o previsto no artigo 48.3 da Lei de axuízamento civil, debendo as partes desde ese momento comparecer ante ese órgano.

Nestes supostos non serán de aplicación as restantes normas desta sección, nin se admitirá declinatoria, debendo as partes que queiran facer valer a competencia do xulgado de violencia sobre a muller presentar testemuño dalgunha das resolucións dadas polo dito xulgado a que se refire o parágrafo final do número anterior.

5. Os xulgados de violencia sobre a muller exercerán as súas competencias en materia civil de forma exclusiva e excluínte e, en todo caso, de conformidade cos procedementos e recursos previstos na Lei de axuízamento civil.»

CAPÍTULO III

Normas procesuais penais

Artigo 58. *Competencias na orde penal.*

Modifícase o artigo 14 da Lei de axuízamento criminal, que queda redactado da seguinte forma:

«Fóra dos casos que expresa e limitadamente lles atribúen a Constitución e as leis a xuíces e tribunais determinados, serán competentes:

1. Para o coñecemento e decisión dos xuízos de faltas, o xuíz de instrución, salvo que a competencia corresponda ao xuíz de violencia sobre a muller de conformidade co número quinto deste artigo. Non obstante, coñecerá dos xuízos por faltas tipificadas nos artigos 626, 630, 632 e 633 do Código penal, o xuíz de paz do lugar en que se cometesen. Tamén coñecerán os xuíces de paz dos xuízos por faltas tipificadas no artigo 620.1.º e 2.º, do Código penal, excepto cando o ofendido sexa algunha das persoas a que se refire o artigo 173.2 do mesmo código.

2. Para a instrución das causas, o xuíz de instrución do partido en que se cometese o delito, ou o xuíz de violencia sobre a muller, ou o xuíz central de instrución respecto dos delitos que a lei determine.

3. Para o coñecemento e decisión das causas por delitos a que a lei sinala pena privativa de liberdade de duración non superior a cinco anos ou pena de multa calquera que sexa a súa contía, ou calquera outra de distinta natureza, ben sexan únicas, conxuntas ou alternativas, sempre que a duración destas non exceda de dez anos, así como por faltas, sexan ou non incidentais, imputables aos autores destes delitos ou a outras persoas, cando a

comisión da falta ou a súa proba estean relacionadas con aqueles, o xuíz do penal da circunscrición onde o delito foi cometido, ou o xuíz do penal correspondente á circunscrición do xulgado de violencia sobre a muller, se é o caso, ou o xuíz central do penal no ámbito que lle é propio, sen prexuízo da competencia do xuíz de instrución de garda do lugar de comisión do delito para ditar sentenza de conformidade, ou do xuíz de violencia sobre a muller competente, se é o caso, nos termos establecidos no artigo 801.

Non obstante, nos supostos de competencia do xuíz do penal, se o delito é dos atribuídos ao tribunal do xurado, o coñecemento e decisión corresponderalle a este.

4. Para o coñecemento e decisión das causas nos demais casos a audiencia provincial da circunscrición onde o delito se cometese, ou a audiencia provincial correspondente á circunscrición do xulgado de violencia sobre a muller, se é o caso, ou a Sala do Penal da Audiencia Nacional.

Non obstante, nos supostos de competencia da audiencia provincial, se o delito é dos atribuídos ao tribunal de xurado, o coñecemento e decisión corresponderalle a este.

5. Os xulgados de violencia sobre a muller serán competentes nas seguintes materias, en todo caso de conformidade cos procedementos e recursos previstos nesta lei:

a) Da instrución dos procesos para exixir responsabilidade penal polos delitos recollidos nos títulos do Código penal relativos a homicidio, aborto, lesións, lesións ao feto, delitos contra a liberdade, delitos contra a integridade moral, contra a liberdade e indemnidade sexuais ou calquera outro delito cometido con violencia ou intimidación, sempre que se cometesen contra quen sexa ou fose a súa esposa, ou muller que estea ou estivese ligada ao autor por análoga relación de afectividade, aínda sen convivencia, así como dos cometidos sobre os descendentes, propios ou da esposa ou convivente, ou sobre os menores ou incapaces que con el convivan ou que se encontren suxeitos á potestade, tutela, curatela, acollemento ou garda de feito da esposa ou convivente, cando tamén se producise un acto de violencia de xénero.

b) Da instrución dos procesos para exixir responsabilidade penal por calquera delito contra os dereitos e deberes familiares, cando a vítima sexa algunha das persoas sinaladas como tales na letra anterior.

c) Da adopción das correspondentes ordes de protección ás vítimas, sen prexuízo das competencias atribuídas ao xuíz de garda.

d) Do coñecemento e decisión das faltas contidas nos títulos I e II do libro III do Código penal, cando a vítima sexa algunha das persoas sinaladas como tales na alínea a) deste punto.»

Artigo 59. *Competencia territorial.*

Engádese un novo artigo 15 bis na Lei de axuízamento criminal, cuxa redacción é a seguinte:

«No caso de que se trate dalgúns dos delitos ou faltas cuxa instrución ou coñecemento lle corresponda ao xuíz de violencia sobre a muller, a competencia territorial virá determinada polo lugar do domicilio da vítima, sen prexuízo da adopción da orde de protección, ou de medidas urxentes do artigo 13 desta lei que puidese adoptar o xuíz do lugar de comisión dos feitos.»

Artigo 60. *Competencia por conexión.*

Engádese un novo artigo 17 bis na Lei de axuízamento criminal, cuxa redacción é a seguinte:

«A competencia dos xulgados de violencia sobre a muller estenderase á instrución e coñecemento dos delitos e faltas conexas sempre que a conexión teña a súa orixe nalgún dos supostos previstos nos números 3.º e 4.º do artigo 17 desta lei.»

CAPÍTULO IV

Medidas xudiciais de protección e de seguridade das vítimas

Artigo 61. *Disposicións xerais.*

1. As medidas de protección e seguridade previstas neste capítulo serán compatibles con calquera das medidas cautelares e de aseguramento que se poden adoptar nos procesos civís e penais.

2. En todos os procedementos relacionados coa violencia de xénero, o xuíz competente, de oficio ou por instancia das vítimas, dos fillos, das persoas que convivan con elas ou se encontren suxeitas á súa garda ou custodia, do Ministerio Fiscal ou da Administración de que dependan os servizos de atención ás vítimas ou a súa acollida, deberase pronunciar en todo caso sobre a pertinencia da adopción das medidas cautelares e de aseguramento establecidas neste capítulo, determinando o seu prazo, se procedese a súa adopción.

Artigo 62. *Da orde de protección.*

Recibida a solicitude de adopción dunha orde de protección, o xuíz de violencia sobre a muller e, se é o caso, o xuíz de garda, actuarán de conformidade co disposto no artigo 544 ter da Lei de axuízamento criminal.

Artigo 63. *Da protección de datos e as limitacións á publicidade.*

1. Nas actuacións e procedementos relacionados coa violencia de xénero protexerase a intimidade das vítimas; en especial, os seus datos persoais, os dos seus descendentes e os de calquera outra persoa que estea baixo a súa garda ou custodia.

2. Os xuíces competentes poderán acordar, de oficio ou por instancia de parte, que as vistas se desenvolvan a porta pechada e que as actuacións sexan reservadas.

Artigo 64. *Das medidas de saída do domicilio, afastamento ou suspensión das comunicacións.*

1. O xuíz poderá ordenar a saída obrigatoria do inculpado por violencia de xénero do domicilio en que estivese convivindo ou teña a súa residencia a unidade familiar, así como a prohibición de volver a el.

2. O xuíz, con carácter excepcional, poderá autorizar que a persoa protexida concerte, cunha axencia ou sociedade pública alí onde a houber e que inclúa entre as súas actividades a do arrendamento de vivendas, a permuta do uso atribuído da vivenda familiar de que sexan copropietarios, polo uso doutra vivenda, durante o tempo e nas condicións que se determinen.

3. O xuíz poderá prohibirlle ao inculpado que se aproxime á persoa protexida, o que lle impide achegarse a ela en calquera lugar onde se encontre, así como achegarse ao seu domicilio, ao seu lugar de traballo ou a calquera outro que sexa frecuentado por ela.

Poderase acordar a utilización de instrumentos coa tecnoloxía adecuada para verificar de inmediato o seu incumprimento.

O xuíz fixará unha distancia mínima entre o inculpado e a persoa protexida que non se poderá exceder, baixo apercibimento de incorrer en responsabilidade penal.

4. A medida de afastamento poderase acordar con independencia de que a persoa afectada, ou aquelas ás cales se pretenda protexer, abandonasen previamente o lugar.

5. O xuíz poderalle prohibir ao inculpado toda clase de comunicación coa persoa ou persoas que se indique, baixo apercibimento de incorrer en responsabilidade penal.

6. As medidas a que se refiren os puntos anteriores poderanse acordar acumulada ou separadamente.

Artigo 65. *Das medidas de suspensión da patria potestade ou a custodia de menores.*

O xuíz poderase suspender para o inculpado por violencia de xénero o exercicio da patria potestade ou da garda e custodia, respecto dos menores a que se refira.

Artigo 66. *Da medida de suspensión do réxime de visitas.*

O xuíz poderá ordenar a suspensión de visitas do inculpado por violencia de xénero aos seus descendentes.

Artigo 67. *Da medida de suspensión do dereito á tenza, porte e uso de armas.*

O xuíz poderá acordar, respecto dos inculpados en delitos relacionados coa violencia a que se refire esta lei, a suspensión do dereito á tenza, porte e uso de armas, coa obriga de depositalas nos termos establecidos pola normativa vixente.

Artigo 68. *Garantías para a adopción das medidas.*

As medidas restritivas de dereitos contidas neste capítulo deberanse adoptar mediante auto motivado en que se aprecie a súa proporcionalidade e necesidade, e, en todo caso, con intervención do Ministerio Fiscal e respecto dos principios de contradición, audiencia e defensa.

Artigo 69. *Mantemento das medidas de protección e seguridade.*

As medidas deste capítulo poderanse manter tras a sentenza definitiva e durante a tramitación dos eventuais recursos que correspondesen. Neste caso, deberase facer constar na sentenza o mantemento de tales medidas.

CAPÍTULO V

Do fiscal contra a violencia sobre a muller

Artigo 70. *Funcións do fiscal contra a violencia sobre a muller.*

Engádesse un artigo 18 quáter na Lei 50/1981, do 30 de decembro, reguladora do estatuto orgánico do Ministerio Fiscal, coa seguinte redacción:

«1. O Fiscal Xeral do Estado nomeará, oído o Consello Fiscal, como delegado, un fiscal contra a violencia sobre a muller, con categoría de fiscal de sala, que exercerá as seguintes funcións:

a) Practicar as dilixencias a que se refire o artigo 5 do estatuto orgánico do Ministerio Fiscal, e intervir directamente naqueles procesos penais de especial transcendencia apreciada polo fiscal xeral do Estado, referentes aos delitos por actos de vio-

lencia de xénero comprendidos no artigo 87 ter.1 da Lei orgánica do poder xudicial.

b) Intervir, por delegación do fiscal xeral do Estado, nos procesos civís comprendidos no artigo 87 ter.2 da Lei orgánica do poder xudicial.

c) Supervisar e coordinar a actuación das seccións contra a violencia sobre a muller, e demandar informes delas, dando coñecemento ao fiscal xefe das fiscalías en que se integren.

d) Coordinar os criterios de actuación das diversas fiscalías en materias de violencia de xénero, para o cal lle poderá propoñer ao Fiscal Xeral do Estado a emisión das correspondentes instrucións.

e) Elaborar semestralmente, e presentarlle ao Fiscal Xeral do Estado, para a súa remisión á Xunta de Fiscais de Sala do Tribunal Supremo, e ao Consello Fiscal, un informe sobre os procedementos seguidos e actuacións practicadas polo Ministerio Fiscal en materia de violencia de xénero.

2. Para a súa adecuada actuación adscribiránselles os profesionais e expertos que sexan necesarios para auxiliálo de maneira permanente ou ocasional.»

Artigo 71. *Seccións contra a violencia sobre a muller.*

Substitúense os parágrafos segundo e terceiro do número 1 do artigo 18 da Lei 50/1981, do 30 de decembro, reguladora do Estatuto orgánico do Ministerio Fiscal, polo seguinte texto:

«Na Fiscalía da Audiencia Nacional e en cada fiscalía dos tribunais superiores de xustiza e das audiencias provinciais, existirá unha sección de menores á cal se lle encomendarán as funcións e facultades que ao Ministerio Fiscal lle atribúe a Lei orgánica reguladora da responsabilidade penal dos menores e outra sección contra a violencia sobre a muller en cada fiscalía dos tribunais superiores de xustiza e das audiencias provinciais. A estas seccións serán adscritos fiscais que pertencen aos seus respectivos cadros de persoal, tendo preferencia aqueles que por razón das anteriores funcións desempeñadas, cursos impartidos ou superados ou por calquera outra circunstancia análoga, se especializasen na materia. Non obstante, cando as necesidades do servizo así o aconsellen poderán actuar tamén noutros ámbitos ou materias.

Nas fiscalías dos tribunais superiores de xustiza e nas audiencias provinciais poderán existir as adscricións permanentes que se determinen regulamentariamente.

Á sección contra a violencia sobre a muller atribúenselles as seguintes funcións:

a) Intervir nos procedementos penais polos feitos constitutivos de delitos ou faltas cuxa competencia estea atribuída aos xulgados de violencia sobre a muller.

b) Intervir directamente nos procesos civís cuxa competencia estea atribuída aos xulgados de violencia sobre a muller.

Na sección contra a violencia sobre a muller deberase levar un rexistro dos procedementos que se sigan relacionados con estes feitos que permitirá a consulta dos fiscais cando coñezan dun procedemento dos que teñen atribuída a competencia, para o efecto en cada caso procedente.»

Artigo 72. *Delegados da Xefatura da Fiscalía.*

Engádesse un número 6 ao artigo 22 da Lei 50/1981, do 30 de decembro, reguladora do Estatuto orgánico do Ministerio Fiscal, que queda redactado da seguinte forma:

«6. Naquelas fiscalías en que o número de asuntos de que coñecese así o aconsellase e sempre que resultase conveniente para a organización do servizo, logo do informe do Consello Fiscal, poderanse designar delegados da xefatura co fin de asumir as funcións de dirección e coordinación que lle fosen especificamente encomendadas. O cadro de persoal orgánico determinará o número máximo de delegados da xefatura que se poidan designar en cada fiscalía. En todo caso, en cada fiscalía haberá un delegado de xefatura que asumirá as funcións de dirección e coordinación, nos termos previstos neste punto, en materia de infraccións relacionadas coa violencia de xénero, delitos contra o ambiente e vixilancia penitenciaria, con carácter exclusivo ou compartido con outras materias.

Tales delegados serán nomeados e, se é o caso, relevados mediante resolución ditada polo fiscal xeral do Estado, por proposta motivada do fiscal xefe respectivo, oída a Xunta de Fiscalía. Cando a resolución do fiscal xeral do Estado sexa discrepante coa proposta do fiscal xefe respectivo, deberá ser motivada.

Para a cobertura destas prazas será preciso, con carácter previo á proposta do fiscal xefe correspondente, realizar unha convocatoria entre os fiscais do cadro de persoal. Á proposta xuntarase relación do resto dos fiscais que solicitasen o posto con achega dos méritos alegados.»

Disposición adicional primeira. *Pensións e axudas.*

1. Quen sexa condenado, por sentenza firme, pola comisión dun delito doloso de homicidio en calquera das súas formas ou de lesión, cando a ofendida polo delito sexa o seu cónxuxe ou excónxuxe, perderá a condición de beneficiario da pensión de viuvez que lle corresponda dentro do sistema público de pensións causada pola vítima, salvo que, se é o caso, medie reconciliación entre eles.

2. A quen sexa condenado, por sentenza firme, pola comisión dun delito doloso de homicidio en calquera das súas formas ou de lesións cando a ofendida polo delito sexa a súa cónxuxe ou ex-cónxuxe, ou estea ou estivese ligada a el por unha análoga relación de afectividade, aínda sen convivencia, non lle será aboable, en ningún caso, a pensión por orfandade de que poidan ser beneficiarios os seus fillos dentro do sistema público de pensións, salvo que, se é o caso, medie reconciliación entre aqueles.

3. Non terá a consideración de beneficiario, a título de vítima indirecta, das axudas previstas na Lei 35/1995, do 11 de decembro, de axudas e asistencia ás vítimas de delitos violentos e contra a liberdade sexual, quen sexa condenado por delito doloso de homicidio en calquera das súas formas, cando a ofendida sexa a súa cónxuxe ou excónxuxe ou persoa coa que estea ou estivese ligado de forma estable por análoga relación de afectividade, con independencia da súa orientación sexual, durante, polo menos, os dous anos anteriores ao momento do falecemento, salvo que teñan descendencia en común, neste caso abondará a simple convivencia.

Disposición adicional segunda. *Protocolos de actuación.*

O Goberno e as comunidades autónomas que asuman competencias en materia de xustiza, organizarán no ámbito que a cada unha lle é propio os servizos forenses de modo que contén con unidades de valoración forense integral encargadas de deseñar protocolos de actuación global e integral en casos de violencia de xénero.

Disposición adicional terceira. *Modificación da Lei orgánica reguladora do dereito á educación.*

Un. As letras b) e g) do artigo 2 da Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación, quedarán redactadas da forma seguinte:

«b) A formación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, da igualdade entre homes e mulleres e no exercicio da tolerancia e da liberdade dentro dos principios democráticos de convivencia.

g) A formación para a paz, a cooperación e a solidariedade entre os pobos e para a prevención de conflitos e para a resolución pacífica deles e non-violencia en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social.»

Dous. Incorpóranse tres novas letras no número 1 do artigo 31 da Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación, que quedarán redactadas da forma seguinte:

«k) As organizacións de mulleres con implantación en todo o territorio do Estado.

l) O Instituto da Muller.

m) Personalidades de recoñecido prestixio na loita para a erradicación da violencia de xénero.»

Tres. A alínea e) do número 1 do artigo 32 da Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación, quedará redactada da forma seguinte:

«e) As disposicións que se refiran ao desenvolvemento da igualdade de dereitos e oportunidades e ao fomento da igualdade real e efectiva entre homes e mulleres no ensino.»

Catro. O número 1 do artigo 33 da Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación, quedará redactado da forma seguinte:

«1. O Consello Escolar do Estado elaborará e fará público anualmente un informe sobre o sistema educativo, onde se deberán recoller e valorar os seus diversos aspectos, incluíndo a posible situación de violencia exercida na comunidade educativa. Así mesmo, informarase das medidas que en relación coa prevención da violencia e fomento da igualdade entre homes e mulleres establezan as administracións educativas.»

Cinco. Inclúese un novo sétimo guión no número 1 do artigo 56 da Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación, coa seguinte redacción:

«—Unha persoa, elixida polos membros do consello escolar do centro que impulse medidas educativas que fomenten a igualdade real e efectiva entre homes e mulleres.»

Seis. Engádesse unha nova alínea m) no artigo 57 da Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación, coa seguinte redacción:

«m) Propoñer medidas e iniciativas que favorezan a convivencia no centro, a igualdade entre homes e mulleres e a resolución pacífica de conflitos.»

tos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social.»

Disposición adicional cuarta. *Modificación da Lei orgánica de ordenación xeral do sistema educativo.*

Un. Modifícase a alínea b) do número 1 do artigo 1 da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, que quedará redactado da seguinte forma:

«b) A formación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, da igualdade entre homes e mulleres e no exercicio da tolerancia e da liberdade dentro dos principios democráticos de convivencia.»

Dous. Modifícase a alínea e) e engádesse a letra l) no número 3 do artigo 2 da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, que quedarán redactadas da seguinte forma:

«e) O fomento dos hábitos de comportamento democrático e as habilidades e técnicas na prevención de conflitos e na resolución pacífica deles.

l) A formación para a prevención de conflitos e para a resolución pacífica deles en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social.»

Tres. Modifícase o número 3 do artigo 34 da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, que quedará redactada da seguinte forma:

«3. A metodoloxía didáctica da formación profesional específica promoverá a integración de contidos científicos, tecnolóxicos e organizativos. Así mesmo, favorecerá no alumno a capacidade para aprender por si mesmo e para traballar en equipo, así como a formación na prevención de conflitos e para a resolución pacífica deles en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social.»

Disposición adicional quinta. *Modificación da Lei orgánica de calidade da educación.*

Un. Engádesse unha nova alínea b), co conseguinte desprazamento das actuais, e tres novas alíneas n), ñ) e o) no artigo 1 da Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de calidade da educación, co seguinte contido:

«b) A eliminación dos obstáculos que dificultan a plena igualdade entre homes e mulleres.

n) A formación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, da igualdade entre homes e mulleres e no exercicio da tolerancia e da liberdade dentro dos principios democráticos de convivencia.

ñ) A formación para a prevención de conflitos e para a resolución pacífica deles e non-violencia en todos os ámbitos da vida persoal familiar e social.

o) O desenvolvemento das capacidades afectivas.»

Dous. Engádesse dúas novas letras e) e f), co conseguinte desprazamento das actuais, no número 2 do artigo 12 da Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de calidade da educación, co seguinte contido:

«e) Exercitarse na prevención dos conflitos e na resolución pacífica deles.

f) Desenvolver as súas capacidades afectivas.»

Tres. Engádesse tres novas alíneas b), c) e d), co conseguinte desprazamento das actuais, no número 2 do artigo 15 da Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de calidade da educación, co seguinte contido:

«b) Adquirir habilidades na prevención de conflitos e na súa resolución pacífica que permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais nos cales se relacionan.

c) Comprender e respectar a igualdade entre sexos.

d) Desenvolver as súas capacidades afectivas.»

Catro. Engádesse tres novas letras b), c) e d), co conseguinte desprazamento das actuais, no número 2 do artigo 22 da Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de calidade da educación, co seguinte contido:

«b) Coñecer, valorar e respectar a igualdade de oportunidades de homes e mulleres.

c) Relacionarse cos demais sen violencia, resolvendo pacificamente os conflitos.

d) Desenvolver as súas capacidades afectivas.»

Cinco. Modifícase a alínea f) do número 1 e engádesse un novo número 5 no artigo 23 da Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de calidade da educación, que queda redactado da forma seguinte:

«1. f) Ética e igualdade entre homes e mulleres.»

«5. A disciplina de ética incluírá contidos específicos sobre a igualdade entre homes e mulleres.»

Seis. Engádesse dúas novas alíneas b) e c), co conseguinte desprazamento das actuais, no número 2 do artigo 34 da Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de calidade da educación, co seguinte contido:

«b) Consolidar unha madurez persoal, social e moral que lles permita actuar de forma responsable, autónoma e prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.

c) Fomentar a igualdade real e efectiva entre homes e mulleres e analizar e valorar criticamente as desigualdades entre eles.»

Sete. Engádesse un novo número 3 no artigo 40 da Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de calidade da educación, co seguinte contido:

«3. Co fin de promover a efectiva igualdade entre homes e mulleres, as administracións educativas velarán para que todos os currículos e os materiais educativos recoñezan o igual valor de homes e mulleres e se elaboren a partir de presupostos non discriminatorios para as mulleres. Así mesmo, deberán fomentar o respecto na igualdade de dereitos e obrigas.»

Oito. Engádesse dúas novas alíneas e) e f) no número 2 do artigo 52 da Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de calidade da educación, co seguinte contido:

«e) Desenvolver habilidades na resolución pacífica dos conflitos nas relacións persoais, familiares e sociais.

f) Fomentar o respecto á dignidade das persoas e á igualdade entre homes e mulleres.»

Nove. Modifícase a letra d) do artigo 56 da Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de calidade da educación, que queda redactada da forma seguinte:

«d) A titoría do alumnado para dirixir a súa aprendizaxe, transmitir-lles valores e axudalos, en colaboración cos pais, a superar as súas dificultades e resolver pacificamente os seus conflitos.»

Dez. Engádese unha nova alínea g), co conseguinte desprazamento da alínea g) actual que pasará a ser unha nova alínea h), no número 2 do artigo 81 da Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de calidade da educación, co contido seguinte:

«g) Unha persoa que impulse medidas educativas que fomenten a igualdade real e efectiva entre homes e mulleres, residente na cidade onde estea situado o centro e elixida polo consello escolar do centro.»

Once. Modifícase a alínea k) no número 1 do artigo 82 da Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de calidade da educación, que queda redactado da forma seguinte:

«k) Propoñer medidas e iniciativas que favorezan a convivencia no centro, a igualdade entre homes e mulleres e a resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social.»

Doce. Engádese unha nova alínea g) ao número 1 do artigo 105 da Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de calidade da educación, que queda redactada da forma seguinte:

«g) Velar polo cumprimento e aplicación das medidas e iniciativas educativas destinadas a fomentar a igualdade real entre mulleres e homes.»

Disposición adicional sexta. *Modificación da Lei xeral de publicidade.*

Un. Modifícase o artigo 3, alínea a), da Lei 34/1988, do 11 de novembro, xeral de publicidade, que quedará redactado da seguinte forma:

«É ilícita:

a) A publicidade que atente contra a dignidade da persoa ou vulnere os valores e dereitos recoñecidos na Constitución, especialmente aqueles a que se refiren os seus artigos 18 e 20, número 4. Entenderanse incluídos na previsión anterior os anuncios que presenten as mulleres de forma vexatoria, ben utilizando particular e directamente o seu corpo ou partes del como simple obxecto desvinculado do produto que se pretende promover, ben a súa imaxe asociada a comportamentos estereotipados que vulnere os fundamentos do noso ordenamento coaduvando a xerar a violencia a que se refire a Lei orgánica de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.»

Dous. Engádese un novo número 1 bis no artigo 25 da Lei 34/1988, do 11 de novembro, xeral de publicidade, co contido seguinte:

«1 bis. Cando unha publicidade sexa considerada ilícita por afectar a utilización vexatoria ou discriminatoria da imaxe da muller, poderán solicitar do anunciante a súa cesación e rectificación:

- A Delegación Especial do Goberno contra a Violencia sobre a Muller.
- O Instituto da Muller ou o seu equivalente no ámbito autonómico.
- As asociacións legalmente constituídas que teñan como obxectivo único a defensa dos intereses da muller e non inclúan como asociados persoas xurídicas con ánimo de lucro.
- Os titulares dun dereito ou interese lexítimo.»

Tres. Engádese unha disposición adicional á Lei 34/1988, do 11 de novembro, xeral de publicidade, co contido seguinte:

«A acción de cesación cando unha publicidade sexa considerada ilícita por afectar a utilización vexatoria ou discriminatoria da imaxe da muller, exercerase na forma e nos termos previstos nos artigos 26 e 29, excepto en materia de lexitimación que a terán, ademais do Ministerio Fiscal, as persoas e as institucións a que se refire o artigo 25.1 bis desta lei.»

Disposición adicional sétima. *Modificación da Lei do Estatuto dos traballadores.*

Un. Introdúcese un novo número 7 no artigo 37 da Lei do Estatuto dos traballadores, texto refundido aprobado polo Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, co seguinte contido:

«7. A traballadora vítima de violencia de xénero terá dereito, para facer efectiva a súa protección ou o seu dereito á asistencia social integral, á redución da xornada de traballo con diminución proporcional do salario ou á reordenación do tempo de traballo, a través da adaptación do horario, da aplicación do horario flexible ou doutras formas de ordenación do tempo de traballo que se utilicen na empresa.

Estes dereitos poderanse exercer nos termos que para estes supostos concretos establezan os convenios colectivos ou os acordos entre a empresa e os representantes dos traballadores, ou conforme o acordo entre a empresa e a traballadora afectada. No seu defecto, a concreción destes dereitos corresponderalle á traballadora, sendo de aplicación as regras establecidas no punto anterior, incluídas as relativas á resolución de discrepancias.»

Dous. Introdúcese un novo número 3 bis) no artigo 40 da Lei do Estatuto dos traballadores, texto refundido aprobado polo Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, co seguinte contido:

«3 bis) A traballadora vítima de violencia de xénero que se vexa obrigada a abandonar o posto de traballo na localidade onde viña prestando os seus servizos, para facer efectiva a súa protección ou o seu dereito á asistencia social integral, terá dereito preferente a ocupar outro posto de traballo, do mesmo grupo profesional ou categoría equivalente, que a empresa teña vacante en calquera outro dos seus centros de traballo.

En tales supostos, a empresa estará obrigada a comunicarlle á traballadora as vacantes existentes nese momento ou as que se puidesen producir no futuro.

O traslado ou o cambio de centro de traballo terán un duración inicial de seis meses, durante os cales a empresa terá a obriga de reservar o posto de traballo que anteriormente ocupaba a traballadora.

Terminado este período, a traballadora poderá optar entre o regreso ao seu posto de traballo anterior ou a continuidade no novo. Neste último caso, decaerá a mencionada obriga de reserva.»

Tres. Introdúcese unha nova alínea n) no artigo 45, número 1, da Lei do Estatuto dos traballadores, texto refundido aprobado polo Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, co contido seguinte:

«n) Por decisión da traballadora que se vexa obrigada a abandonar o seu posto de traballo como consecuencia de ser vítima de violencia de xénero.»

Catro. Introdúcese un novo número 6, no artigo 48 da Lei do Estatuto dos traballadores, texto refundido aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, co seguinte contido:

«6. No suposto previsto na alínea n) do número 1 do artigo 45, o período de suspensión terá unha duración inicial que non poderá exceder de seis meses, salvo que das actuacións de tutela xudicial resultase que a efectividade do dereito de protección da vítima requirise a continuidade da suspensión. Neste caso, o xuíz poderá prorrogar a suspensión por períodos de tres meses, cun máximo de dezaioito meses.»

Cinco. Introdúcese unha nova alínea m) no artigo 49, número 1, da Lei do Estatuto dos traballadores, texto refundido aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, co contido seguinte:

«m) Por decisión da traballadora que se vexa obrigada a abandonar definitivamente o seu posto de traballo como consecuencia de ser vítima de violencia de xénero.»

Seis. Modifícase o parágrafo segundo da alínea d) do artigo 52 da Lei do Estatuto dos traballadores, texto refundido aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, co seguinte contido:

«Non se computarán como faltas de asistencia, para os efectos do parágrafo anterior, as ausencias debidas a folga legal polo tempo de duración desta, o exercicio de actividades de representación legal dos traballadores, accidente de traballo, maternidade, risco durante o embarazo, enfermidades causadas por embarazo, parto ou lactación, licenzas e vacacións, enfermidade ou accidente non laboral, cando a baixa sexa acordada polos servizos sanitarios oficiais e teña unha duración de máis de vinte días consecutivos, nin as motivadas pola situación física ou psicolóxica derivada de violencia de xénero, acreditada polos servizos sociais de atención ou servizos de saúde, segundo proceda.»

Sete. Modifícase a alínea b) do número 5 do artigo 55, da Lei do Estatuto dos traballadores, texto refundido aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, co seguinte contido:

«b) O das traballadoras embarazadas, desde a data de inicio do embarazo ata a do comezo do período de suspensión a que se refire a alínea a); a dos traballadores que solicitasen un dos permisos a que se refiren os números 4 e 5 do artigo 37 desta lei, ou estean desfrutando deles, ou solicitasen a excedencia prevista no número 3 do seu artigo 46; e a das traballadoras vítimas de violencia de xénero polo exercicio dos dereitos de redución ou reordenación do seu tempo de traballo, de mobilidade xeográfica, de cambio de centro de traballo ou de suspensión da relación laboral, nos termos e condicións recoñecidos nesta lei.»

Disposición adicional oitava. *Modificación da Lei xeral da Seguridade Social.*

Un. Engádesse un número 5 no artigo 124 da Lei xeral da Seguridade Social, texto refundido aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño, co seguinte contido:

«5. O período de suspensión con reserva do posto de traballo, establecido no artigo 48.6 do Estatuto dos traballadores, terá a consideración de período de cotización efectiva para efectos das correspondentes prestacións da Seguridade Social

por xubilación, incapacidade permanente, morte ou supervivencia, maternidade e desemprego.»

Dous. Modifícase a alínea e) do número 1.1, así como o número 1.2 do artigo 208 da Lei xeral da Seguridade Social, texto refundido aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño, co seguinte contido:

«1.1.e) Por resolución voluntaria por parte do traballador, nos supostos previstos nos artigos 40, 41.3, 49.1.m) e 50 do Estatuto dos traballadores.

1.2 Cando se suspenda a súa relación laboral en virtude de expediente de regulación de emprego, ou de resolución xudicial adoptada no seo dun procedemento concursal, ou no suposto establecido na alínea n), do número 1 do artigo 45 do Estatuto dos traballadores.»

Tres. Modifícase o número 2 do artigo 210 da Lei xeral da Seguridade Social, texto refundido aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño, co seguinte contido:

«2. Para efectos de determinación do período de ocupación cotizada a que se refire o punto anterior teranse en conta todas as cotizacións que non fosen computadas para o recoñecemento dun dereito anterior, tanto de nivel contributivo como asistencial. Non obstante, non se considerará como dereito anterior o que se recoñeza en virtude da suspensión da relación laboral prevista no artigo 45.1.n) do Estatuto dos traballadores.

Non se computarán as cotizacións correspondentes ao tempo de aboamento da prestación que efectúe a entidade xestora ou, se é o caso, a empresa, excepto cando a prestación se perciba en virtude da suspensión da relación laboral prevista no artigo 45.1.n) do Estatuto dos traballadores, tal como establece o artigo 124.5 desta lei.»

Catro. Modifícase o número 2 do artigo 231 da Lei xeral da Seguridade Social, texto refundido aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño, co seguinte contido:

«2. Para os efectos previstos neste título, entenderase por compromiso de actividade o que adquiera o solicitante ou beneficiario das prestacións de buscar activamente emprego, aceptar unha colocación adecuada e participar en accións específicas de motivación, información, orientación, formación, reconversión ou inserción profesional para incrementar a súa ocupabilidade, así como de cumprir as restantes obrigas previstas neste artigo.

Para a aplicación do establecido no parágrafo anterior o Servizo Público de Emprego competente terá en conta a condición de vítima de violencia de xénero, para efectos de temperar, en caso necesario, o cumprimento das obrigas que deriven do compromiso suscrito.»

Cinco. Introdúcese unha nova disposición adicional na Lei xeral da Seguridade Social, texto refundido aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño, co seguinte contido:

«Disposición adicional cuadraxésimo segunda. *Acreditación de situacións legais de desemprego.*

A situación legal de desemprego prevista nos artigos 208.1.1e) e 208.1.2 desta lei, cando se refiren, respectivamente, aos artigos 49.1 m) e 45.1 n) da Lei do Estatuto dos traballadores, acreditarase por comunicación escrita do empresario sobre a extinción ou suspensión temporal da relación laboral, xunto coa orde de protección a favor da vítima ou,

no seu defecto, xunto co informe do Ministerio Fiscal que indique a existencia de indicios sobre a condición de vítima de violencia de xénero.»

Disposición adicional novena. *Modificación da Lei de medidas para a reforma da función pública.*

Un. O número 3 do artigo 1 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública, terá a seguinte redacción:

«3. Considéranse bases do réxime estatutario dos funcionarios públicos, ditadas ao abeiro do artigo 149.1.18.^a da Constitución, e en consecuencia aplicables ao persoal de todas as administracións públicas, os seguintes preceptos: artigos: 3.2.e) e f); 6; 7; 8; 11; 12; 13.2, 3 e 4; 14.4 e 5; 16; 17; 18.1 a 5; 19.1 e 3; 20.1.a), b), parágrafo primeiro, c), e), g) nos seus parágrafos primeiro a cuarto, e i); 2 e 3; 21; 22.1, a excepción dos dous últimos parágrafos; 23; 24; 25; 26; 29, a excepción do último parágrafo dos seus números 5, 6 e 7; 30.5; 31; 32; 33; disposicións adicionais terceira, 2 e 3, cuarta, décimo segunda e décimo quinta; disposicións transitoria segunda, oitava e novena.»

Dous. Engádesse un novo número 3 ao artigo 17 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública.

«3. No marco dos acordos que as administracións públicas subscriban coa finalidade de facilitar a mobilidade entre os seus funcionarios, terase especial consideración cos casos de mobilidade xeográfica das funcionarias vítimas de violencia de xénero.»

Tres. Engádesse unha alínea i) ao número 1 do artigo 20 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública, co seguinte contido:

«i) A funcionaria vítima de violencia sobre a muller que se vexa obrigada a abandonar o posto de traballo na localidade onde viña prestando os seus servizos para facer efectiva a súa protección ou o seu dereito á asistencia social integral, terá dereito preferente a ocupar outro posto de traballo propio do seu corpo ou escala e de análogas características que se encontre vacante e sexa de necesaria provisión. En tales supostos a Administración pública competente en cada caso estará obrigada a comunicarlle as vacantes de necesaria provisión situadas na mesma localidade ou nas localidades que a interesada expresamente solicite.»

Catro. Engádesse un novo número 8 no artigo 29 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública, co seguinte contido:

«8. Excedencia por razón de violencia sobre a muller funcionaria.

As funcionarias públicas vítimas de violencia de xénero, para facer efectiva a súa protección ou o seu dereito á asistencia social integral, terán dereito a solicitar a situación de excedencia sen necesidade de teren prestado un tempo mínimo de servizos previos e sen que resulte de aplicación ningún prazo de permanencia nela. Durante os seis primeiros meses terán dereito á reserva do posto de traballo que desempeñasen, sendo computable ese período para efectos de ascensos, trienios e dereitos pasivos.

Isto non obstante, cando das actuacións de tutela xudicial resultase que a efectividade do dereito de protección da vítima o exixise, poderase prorrogar por períodos de tres meses, cun máximo de dezaioito, o período en que, de acordo co pará-

grafo anterior, se terá dereito á reserva do posto de traballo, con idénticos efectos aos sinalados no dito parágrafo.»

Cinco. Engádesse un novo número 5 ao artigo 30 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública co seguinte contido:

«5. Nos casos en que as funcionarias vítimas de violencia de xénero teñan que se ausentar por isto do seu posto de traballo, estas faltas de asistencia, totais ou parciais, terán a consideración de xustificadas polo tempo e nas condicións en que así o determinen os servizos sociais de atención ou saúde, segundo proceda.

As funcionarias vítimas de violencia sobre a muller, para facer efectiva a súa protección ou o seu dereito á asistencia social integral, terán dereito á redución da xornada con diminución proporcional da retribución, ou á reordenación do tempo de traballo, a través da adaptación do horario, da aplicación do horario flexible ou doutras formas de ordenación do tempo de traballo que sexan aplicables, nos termos que para estes supostos estableza a Administración pública competente en cada caso.»

Disposición adicional décima. *Modificación da Lei orgánica do poder xudicial.*

Un. Modifícase o punto segundo do artigo 26 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 26.

Xulgados de primeira instancia e instrución, do mercantil, de violencia sobre a muller, do penal, do contencioso-administrativo, do social, de menores e de vixilancia penitenciaria.»

Dous. Modifícase a rúbrica do capítulo V do título IV do libro I da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, que queda redactada da seguinte forma:

«Capítulo V. Dos xulgados de primeira instancia e instrución, do mercantil, do penal, de violencia sobre a muller, do contencioso-administrativo, do social, de vixilancia penitenciaria e de menores.»

Tres. Modifícase o número 1 do artigo 87 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 87.

1. Os xulgados de Instrución coñecerán, na orde penal:

a) Da instrución das causas por delito cuxo axuízamento corresponda ás audiencias provinciais e aos xulgados do penal, excepto daquelas causas que sexan competencia dos xulgados de violencia sobre a muller.

b) Correspóndelles así mesmo ditar sentenza de conformidade coa acusación nos casos establecidos pola lei.

c) Do coñecemento e decisión dos xuíces de faltas, agás os que sexan competencia dos xuíces de paz, ou dos xulgados de violencia sobre a muller.

d) Dos procedementos de "habeas corpus".

e) Dos recursos que estableza a lei contra as resolucións ditadas polos xulgados de paz do partido e das cuestións de competencia entre estes.

f) Da adopción da orde de protección ás vítimas de violencia sobre a muller cando estea desenvolvendo funcións de garda, sempre que non poida

ser adoptada polo xulgado de violencia sobre a muller.»

Tres bis. Engádesse un novo parágrafo no número 2, do artigo 89 bis da Lei orgánica do poder xudicial, co contido seguinte:

«Co fin de facilitar o coñecemento dos asuntos instruídos polos xulgados de violencia sobre a muller, e atendendo ao número de asuntos existentes, deberanse especializar un ou varios xulgados en cada provincia, de conformidade co previsto no artigo 98 desta lei.»

Catro. Modifícase o número 1 do artigo 210 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, que queda redactado da seguinte forma:

«1. Os xuíces de primeira instancia e de instrución, do mercantil, do penal, de violencia sobre a muller, do contencioso-administrativo, de menores e do social substituiranse entre eles nas poboacións onde existan varios da mesma orde xurisdiccional, na forma que acorde a sala de goberno do tribunal superior de xustiza, por proposta da xunta de xuíces.»

Cinco. Engádesse un novo parágrafo no número 3 no artigo 211 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, que queda redactado da seguinte forma:

«Os xuíces de violencia sobre a muller serán substituídos polos xuíces de instrución ou de primeira instancia e instrución, segundo a orde que estableza a sala de goberno do tribunal superior de xustiza respectivo.»

Disposición adicional décimo primeira. *Avaliación da aplicación da lei.*

O Goberno, en colaboración coas comunidades autónomas, aos tres anos da entrada en vigor desta lei orgánica elaborará e remitirá ao Congreso dos Deputados un informe en que se fará unha avaliación dos efectos da súa aplicación na loita contra a violencia de xénero.

Disposición adicional décimo segunda. *Modificacións da Lei de axuízamento criminal.*

Engádesse unha disposición adicional cuarta á Lei de axuízamento criminal co contido seguinte:

«1. As referencias que se fan ao xuíz de instrución e ao xuíz de primeira instancia nos números 1 e 7 do artigo 544 ter desta lei, na redacción dada pola Lei 27/2003, do 31 de xullo, reguladora da orde de protección das vítimas da violencia doméstica, entenderanse feitas, se é o caso, ao xuíz de violencia sobre a muller.

2. As referencias que se fan ao xuíz de garda no título III do libro IV, e nos artigos 962 a 971 desta lei, entenderanse feitas, se é o caso, ao xuíz de violencia sobre a muller.»

Disposición adicional décimo terceira. *Dotación do fondo.*

Co fin de coadxuvar á posta en funcionamento dos servizos establecidos no artigo 19 desta lei, e garantir a equidade interterritorial na súa implantación, durante os dous anos seguintes á entrada en vigor desta lei dotarase un fondo ao cal poderán acceder as comunidades autónomas, de acordo cos criterios obxectivos que se determinen na respectiva conferencia sectorial. Isto non obstante, a Comunidade Autónoma do País Vasco e a Comunidade Foral de Navarra rexeranse, nestes aspectos financeiros,

polos seus réximes especiais de concerto económico e de convenio.

As comunidades autónomas, en uso das súas competencias, durante o ano seguinte á aprobación desta lei, realizarán un diagnóstico conxuntamente coas administracións locais, sobre o impacto da violencia de xénero na súa comunidade, así como unha valoración de necesidades, recursos e servizos necesarios, para implementar o artigo 19 desta lei.

A dotación do fondo farase de conformidade co que dispoñan as respectivas leis de orzamentos xerais do Estado.

Disposición adicional décimo cuarta. *Informe sobre financiamento.*

Sen prexuízo da responsabilidade financeira das comunidades autónomas, conforme o establecido na Lei 21/2001, do 27 de decembro, e de acordo co principio de lealdade institucional nos termos do artigo 2.1.e) da Lei orgánica 8/1980, do 22 de setembro, de financiamento das comunidades autónomas, os ministerios competentes, por proposta dos órganos interterritoriais correspondentes, elaborarán informes sobre as repercusións económicas da aplicación desta lei. Estes informes serán presentados ao Ministerio de Facenda, que os trasladará ao Consello de Política Fiscal e Financeira.

Disposición adicional décimo quinta. *Convenios en materia de vivenda.*

Mediante convenios coas administracións competentes, o Goberno poderá promover procesos específicos de adjudicación de vivendas protexidas ás vítimas de violencia de xénero.

Disposición adicional décimo sexta. *Coordinación dos servizos públicos de emprego.*

No desenvolvemento da Lei 56/2003, do 16 de decembro, de emprego, terase en conta a necesaria coordinación dos servizos públicos de emprego, para facilitar o acceso ao mercado de traballo das vítimas de violencia de xénero cando, debido ao exercicio do dereito de mobilidade xeográfica, se vexan obrigadas a trasladar o seu domicilio e isto implique cambio de comunidade autónoma.

Disposición adicional décimo sétima. *Escolarización.*

As administracións educativas adoptarán as medidas necesarias para garantir a escolarización inmediata dos fillos no suposto de cambio de residencia motivados por violencia sobre a muller.

Disposición adicional décimo oitava. *Planta dos xulgados de violencia sobre a muller.*

Engádesse un anexo XIII á Lei 38/1988, do 28 de decembro, de demarcación e planta xudicial, cuxo texto se inclúe como anexo a esta lei orgánica.

Disposición adicional décimo novena. *Fondo de garantía de pensións.*

O Estado garantirá o pagamento de alimentos recoñecidos e non pagados a favor dos fillos e fillas menores de idade en convenio xudicialmente aprobado ou en resolución xudicial, a través dunha lexislación específica que concretará o sistema de cobertura neses supostos e que, en todo caso, terá en conta as circunstancias das vítimas de violencia de xénero.

Disposición adicional vixésima. *Cambio de apelidos.*

O artigo 58 da Lei do Rexistro Civil, do 8 de xuño de 1957, queda redactado da seguinte forma:

«2. Cando se dean circunstancias excepcionais, e a pesar de faltar os requisitos que sinala o dito artigo, poderase acceder ao cambio por real decreto por proposta do Ministerio de Xustiza, con audiencia do Consello de Estado. En caso de que o solicitante da autorización do cambio dos seus apelidos sexa obxecto de violencia de xénero e en calquera outro suposto en que a urxencia da situación así o requirise, poderase acceder ao cambio por orde do Ministerio de Xustiza, nos termos fixados polo regulamento.»

Disposición transitoria primeira. *Aplicación de medidas.*

Os procesos civís ou penais relacionados coa violencia de xénero que se encontren en tramitación á entrada en vigor desta lei continuarán sendo competencia dos órganos que viñesen coñecendo deles ata a súa conclusión por sentenza firme.

Disposición transitoria segunda. *Dereito transitorio.*

Nos procesos sobre feitos recollidos nesta lei que se encontren en tramitación no momento da súa entrada en vigor, os xulgados ou tribunais que os estean coñecendo poderán adoptar as medidas previstas no capítulo IV do título V.

Disposición derogatoria única.

Quedan derogadas cantas normas, de igual ou inferior rango, se opoñan ao establecido nesta lei.

Disposición derradeira primeira. *Referencias normativas.*

Todas as referencias e mencións contidas nas leis procesuais penais aos xuíces de instrución deben tamén entenderse referidas aos xuíces de violencia sobre a muller nas materias propias da súa competencia.

Disposición derradeira segunda. *Habilitación competencial.*

Esta lei dítase ao amparo do previsto no artigo 149.1, 1.^a, 5.^a, 6.^a, 7.^a, 8.^a, 17.^a, 18.^a e 30.^a da Constitución española.

Disposición derradeira terceira. *Natureza desta lei.*

Esta lei ten o carácter de lei orgánica, a excepción dos seguintes preceptos: título I, título II, título III, artigos 42, 43, 44, 45, 46, 47, 70, 71, 72, así como as disposicións adicionais primeira, segunda, sexta, sétima, oitava, novena, décimo primeira, décimo terceira, décimo quinta, décimo sexta, décimo sétima, décimo oitava, décimo novena e vixésima, a disposición transitoria segunda e as disposicións derradeiras cuarta, quinta e sexta.

Disposición derradeira cuarta. *Habilitación normativa.*

1. Habilítase o Goberno para que dite, no prazo de seis meses a partir da publicación desta lei no «Boletín Oficial del Estado», as disposicións que fosen necesarias para a súa aplicación.

A través do Ministerio de Xustiza adoptaranse no referido prazo as medidas necesarias para a implantación dos xulgados de violencia sobre a muller, así como para a adecuación da estrutura do Ministerio Fiscal ás previsións desta lei.

2. No prazo de seis meses desde a entrada en vigor desta lei orgánica o Consello Xeral do Poder Xudicial ditará os regulamentos necesarios para a ordenación dos sinalamentos, adecuación dos servizos de garda á existencia dos novos xulgados de violencia sobre a muller, e coordinación da policía xudicial cos referidos xulgados.

Disposición derradeira quinta. *Modificacións regulamentarias.*

O Goberno, no prazo de seis meses desde a aprobación desta lei, procederá á modificación do artigo 116.4 do Real decreto 190/1996, do 9 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento penitenciario, establecendo a obrigatoriedade para a Administración penitenciaria de realizar os programas específicos de tratamento para internos a que se refire esta lei. No mesmo prazo procederá a modificar o Real decreto 738/1997, do 23 de maio e o Real decreto 996/2003, do 25 de xullo.

No prazo mencionado no punto anterior, o Estado e as comunidades autónomas, no ámbito das súas respectivas competencias, adaptarán a súa normativa ás previsións contidas nesta lei.

Disposición derradeira sexta. *Modificación da Lei 1/1996, do 10 de xaneiro, de asistencia xurídica gratuíta.*

Modifícase o número 5 do artigo 3 da Lei 1/1996, do 10 de xaneiro, de asistencia gratuíta, que quedará redactado como segue:

«5. Tampouco será necesario que as vítimas de violencia de xénero acrediten previamente careceren de recursos cando soliciten defensa xurídica gratuíta especializada, que se lles prestará de inmediato, sen prexuízo de que se non se lles recoñece con posterioridade o dereito a ela, aquelas deban aboarlle ao avogado os honorarios devengados pola súa intervención.»

Disposición derradeira sétima. *Entrada en vigor.*

Esta lei orgánica entrará en vigor aos trinta días da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», agás o disposto nos títulos IV e V, que o fará aos seis meses.

Por tanto,
Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei orgánica.

Madrid, 28 de decembro de 2004.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

ANEXO

«ANEXO XIII

Julgados de violencia sobre a muller

| Provincia | Partido xudicial número | Exclusivos | Compatibles | Categoría do titular |
|------------------|-------------------------|------------|-------------|-------------------------|
| <i>Andalucía</i> | | | | |
| Almería. | 1 | — | 1 | |
| | 2 | — | 1 | |
| | 3 | — | 1 | |
| | 4 | — | 1 | |
| | 5 | — | 1 | |
| | 6 | — | 1 | |
| | 7 | — | 1 | |
| | 8 | — | 1 | |
| Cádiz. | 1 | — | 1 | |
| | 2 | — | 1 | |
| | 3 | — | 1 | Servido por maxistrado. |
| | 4 | — | 1 | |
| | 5 | — | 1 | |
| | 6 | — | 1 | Servido por maxistrado. |
| | 7 | — | 1 | Servido por maxistrado. |
| | 8 | — | 1 | |
| | 9 | — | 1 | Servido por maxistrado. |
| | 10 | — | 1 | Servido por maxistrado. |
| | 11 | — | 1 | |
| | 12 | — | 1 | |
| | 13 | — | 1 | |
| | 14 | — | 1 | |
| | 15 | — | 1 | |
| Córdoba. | 1 | — | 1 | |
| | 2 | — | 1 | |
| | 3 | — | 1 | |
| | 4 | — | 1 | |
| | 5 | — | 1 | |
| | 6 | — | 1 | |
| | 7 | — | 1 | |
| | 8 | — | 1 | |
| | 9 | — | 1 | |
| | 10 | — | 1 | |
| | 11 | — | 1 | |
| | 12 | — | 1 | |
| Granada. | 1 | — | 1 | |
| | 2 | — | 1 | |
| | 3 | 1 | — | |
| | 4 | — | 1 | Servido por maxistrado. |
| | 5 | — | 1 | |
| | 6 | — | 1 | |
| | 7 | — | 1 | |
| | 8 | — | 1 | |
| | 9 | — | 1 | |
| Huelva. | 1 | — | 1 | |
| | 2 | — | 1 | |
| | 3 | — | 1 | |
| | 4 | — | 1 | |
| | 5 | — | 1 | |
| | 6 | — | 1 | |
| Jaén. | 1 | — | 1 | |
| | 2 | — | 1 | |

| Provincia | Partido xudicial número | Exclusivos | Compatibles | Categoría do titular |
|-----------|-------------------------|------------|-------------|-------------------------|
| Málaga. | 3 | - | 1 | |
| | 4 | - | 1 | |
| | 5 | - | 1 | |
| | 6 | - | 1 | |
| | 7 | - | 1 | |
| | 8 | - | 1 | |
| | 9 | - | 1 | |
| | 10 | - | 1 | |
| | 1 | - | 1 | |
| | 2 | - | 1 | |
| 3 | 1 | - | | |
| 4 | - | 1 | | |
| 5 | - | 1 | | Servido por maxistrado. |
| 6 | - | 1 | | Servido por maxistrado. |
| 7 | - | 1 | | |
| 8 | - | 1 | | |
| 9 | - | 1 | | |
| 10 | - | 1 | | |
| 11 | - | 1 | | |
| 12 | - | 1 | | Servido por maxistrado. |
| Sevilla. | 1 | - | 1 | |
| 2 | - | 1 | | |
| 3 | - | 1 | | |
| 4 | - | 1 | | |
| 5 | - | 1 | | |
| 6 | 1 | - | | |
| 7 | - | 1 | | |
| 8 | - | 1 | | |
| 9 | - | 1 | | |
| 10 | - | 1 | | |
| 11 | - | 1 | | |
| 12 | - | 1 | | Servido por maxistrado. |
| 13 | - | 1 | | |
| 14 | - | 1 | | |
| 15 | - | 1 | | |
| Huesca. | <i>Aragón</i> | | | |
| 1 | - | 1 | | |
| 2 | - | 1 | | |
| 3 | - | 1 | | |
| 4 | - | 1 | | |
| 5 | - | 1 | | |
| 6 | - | 1 | | |
| Teruel. | 1 | - | 1 | |
| 2 | - | 1 | | |
| 3 | - | 1 | | |
| Zaragoza. | 1 | - | 1 | |
| 2 | - | 1 | | |
| 3 | - | 1 | | |
| 4 | - | 1 | | |
| 5 | - | 1 | | |
| 6 | - | 1 | | |
| 7 | - | 1 | | |
| Asturias. | <i>Asturias</i> | | | |
| 1 | - | 1 | | |
| 2 | - | 1 | | |
| 3 | - | 1 | | |
| 4 | - | 1 | | Servido por maxistrado. |

| Provincia | Partido xudicial número | Exclusivos | Compatibles | Categoría do titular |
|-------------------------|-------------------------|------------|-------------|-------------------------|
| | 5 | - | 1 | |
| | 6 | - | 1 | |
| | 7 | - | 1 | |
| | 8 | - | 1 | Servido por maxistrado. |
| | 9 | - | 1 | |
| | 10 | - | 1 | |
| | 11 | - | 1 | |
| | 12 | - | 1 | |
| | 13 | - | 1 | |
| | 14 | - | 1 | |
| | 15 | - | 1 | |
| | 16 | - | 1 | |
| | 17 | - | 1 | |
| | 18 | - | 1 | |
| <i>Illes Balears</i> | | | | |
| Illes Balears. | 1 | - | 1 | Servido por maxistrado. |
| | 2 | - | 1 | |
| | 3 | 1 | - | |
| | 4 | - | 1 | |
| | 5 | - | 1 | Servido por maxistrado. |
| | 6 | - | 1 | |
| | 7 | - | 1 | |
| <i>Canarias</i> | | | | |
| Las Palmas. | 1 | - | 1 | Servido por maxistrado. |
| | 2 | 1 | - | |
| | 3 | - | 1 | |
| | 4 | - | 1 | |
| | 5 | - | 1 | Servido por maxistrado. |
| | 6 | - | 1 | Servido por maxistrado. |
| | 7 | - | 1 | |
| | 8 | - | 1 | |
| Santa Cruz de Tenerife. | 1 | - | 1 | |
| | 2 | - | 1 | |
| | 3 | 1 | - | |
| | 4 | - | 1 | |
| | 5 | - | 1 | |
| | 6 | - | 1 | |
| | 7 | - | 1 | Servido por maxistrado. |
| | 8 | - | 1 | |
| | 9 | - | 1 | |
| | 10 | - | 1 | |
| | 11 | - | 1 | |
| | 12 | - | 1 | Servido por maxistrado. |
| <i>Cantabria</i> | | | | |
| Cantabria. | 1 | - | 1 | Servido por maxistrado. |
| | 2 | - | 1 | |
| | 3 | - | 1 | |
| | 4 | - | 1 | |
| | 5 | - | 1 | |
| | 6 | - | 1 | |
| | 7 | - | 1 | |
| | 8 | - | 1 | |
| <i>Castilla y León</i> | | | | |
| Ávila. | 1 | - | 1 | |
| | 2 | - | 1 | |
| | 3 | - | 1 | |
| | 4 | - | 1 | |

| Provincia | Partido xudicial número | Exclusivos | Compatibles | Categoría do titular |
|---------------------------|-------------------------|------------|-------------|-------------------------|
| Burgos. | 1 | - | 1 | |
| | 2 | - | 1 | |
| | 3 | - | 1 | |
| | 4 | - | 1 | |
| | 5 | - | 1 | |
| | 6 | - | 1 | |
| | 7 | - | 1 | |
| León. | 1 | - | 1 | Servido por maxistrado. |
| | 2 | - | 1 | |
| | 3 | - | 1 | |
| | 4 | - | 1 | |
| | 5 | - | 1 | |
| | 6 | - | 1 | |
| | 7 | - | 1 | |
| Palencia. | 1 | - | 1 | |
| | 2 | - | 1 | |
| | 3 | - | 1 | |
| Salamanca. | 1 | - | 1 | |
| | 2 | - | 1 | |
| | 3 | - | 1 | |
| | 4 | - | 1 | |
| | 5 | - | 1 | |
| Segovia. | 1 | - | 1 | |
| | 2 | - | 1 | |
| | 3 | - | 1 | |
| | 4 | - | 1 | |
| Soria. | 1 | - | 1 | |
| | 2 | - | 1 | |
| | 3 | - | 1 | |
| Valladolid. | 1 | - | 1 | |
| | 2 | - | 1 | |
| | 3 | - | 1 | |
| Zamora. | 1 | - | 1 | |
| | 2 | - | 1 | |
| | 3 | - | 1 | |
| | 4 | - | 1 | |
| | 5 | - | 1 | |
| <i>Castilla-La Mancha</i> | | | | |
| Albacete. | 1 | - | 1 | |
| | 2 | - | 1 | |
| | 3 | - | 1 | |
| | 4 | - | 1 | |
| | 5 | - | 1 | |
| | 6 | - | 1 | |
| | 7 | - | 1 | |
| Cidade Real. | 1 | - | 1 | |
| | 2 | - | 1 | |
| | 3 | - | 1 | |
| | 4 | - | 1 | |
| | 5 | - | 1 | |
| | 6 | - | 1 | |

| Provincia | Partido xudicial número | Exclusivos | Compatibles | Categoría do titular |
|-----------------|-------------------------|------------|-------------|-------------------------|
| Cuenca. | 7 | - | 1 | |
| | 8 | - | 1 | |
| | 9 | - | 1 | |
| | 10 | - | 1 | |
| Guadalajara. | 1 | - | 1 | |
| | 2 | - | 1 | |
| | 3 | - | 1 | |
| | 4 | - | 1 | |
| Toledo. | 1 | - | 1 | |
| | 2 | - | 1 | |
| | 3 | - | 1 | |
| <i>Cataluña</i> | 1 | - | 1 | |
| | 2 | - | 1 | |
| | 3 | - | 1 | |
| | 4 | - | 1 | Servido por maxistrado. |
| | 5 | - | 1 | |
| | 6 | - | 1 | |
| | 7 | - | 1 | |
| Barcelona. | 1 | - | 1 | |
| | 2 | - | 1 | Servido por maxistrado. |
| | 3 | - | 1 | Servido por maxistrado. |
| | 4 | - | 1 | Servido por maxistrado. |
| | 5 | - | 1 | |
| | 6 | - | 1 | Servido por maxistrado. |
| | 7 | - | 1 | |
| | 8 | - | 1 | |
| | 9 | - | 1 | |
| | 10 | - | 1 | Servido por maxistrado. |
| | 11 | 2 | - | |
| | 12 | - | 1 | |
| | 13 | - | 1 | Servido por maxistrado. |
| | 14 | - | 1 | |
| | 15 | - | 1 | Servido por maxistrado. |
| | 16 | - | 1 | Servido por maxistrado. |
| | 17 | - | 1 | Servido por maxistrado. |
| | 18 | - | 1 | Servido por maxistrado. |
| | 19 | - | 1 | Servido por maxistrado. |
| | 20 | - | 1 | |
| | 21 | - | 1 | Servido por maxistrado. |
| | 22 | - | 1 | |
| | 23 | - | 1 | |
| | 24 | - | 1 | Servido por maxistrado. |
| | 25 | - | 1 | Servido por maxistrado. |
| Girona. | 1 | - | 1 | Servido por maxistrado. |
| | 2 | - | 1 | |
| | 3 | - | 1 | |
| | 4 | - | 1 | |
| | 5 | - | 1 | |
| | 6 | - | 1 | |
| | 7 | - | 1 | |
| | 8 | - | 1 | |
| | 9 | - | 1 | |
| Lleida. | 1 | - | 1 | |
| | 2 | - | 1 | |
| | 3 | - | 1 | |
| | 4 | - | 1 | |

| Provincia | Partido xudicial número | Exclusivos | Compatibles | Categoría do titular |
|------------------------------|--------------------------|------------|-------------------------|-------------------------|
| Tarragona. | 5 | - | 1 | |
| | 6 | - | 1 | |
| | 7 | - | 1 | |
| | 1 | - | 1 | |
| | 2 | - | 1 | Servido por maxistrado. |
| | 3 | - | 1 | |
| | 4 | - | 1 | |
| | 5 | - | 1 | |
| <i>Comunidade Valenciana</i> | 6 | - | 1 | |
| | 7 | - | 1 | |
| | 8 | - | 1 | |
| | <i>Alicante/Alacant.</i> | | | |
| | 1 | - | 1 | Servido por maxistrado. |
| | 2 | - | 1 | |
| | 3 | 1 | - | |
| | 4 | - | 1 | Servido por maxistrado. |
| 5 | - | 1 | | |
| 6 | - | 1 | | |
| 7 | - | 1 | | |
| 8 | - | 1 | Servido por maxistrado. | |
| 9 | - | 1 | Servido por maxistrado. | |
| 10 | - | 1 | | |
| 11 | - | 1 | | |
| 12 | - | 1 | | |
| 13 | - | 1 | Servido por maxistrado. | |
| Castellón/Castelló. | 1 | - | 1 | |
| | 2 | - | 1 | |
| | 3 | - | 1 | |
| | 4 | - | 1 | |
| | 5 | - | 1 | |
| Valencia. | 1 | - | 1 | |
| | 2 | - | 1 | Servido por maxistrado. |
| | 3 | - | 1 | |
| | 4 | - | 1 | Servido por maxistrado. |
| | 5 | - | 1 | |
| | 6 | 1 | - | |
| | 7 | - | 1 | |
| | 8 | - | 1 | Servido por maxistrado. |
| | 9 | - | 1 | |
| | 10 | - | 1 | |
| | 11 | - | 1 | |
| | 12 | - | 1 | |
| | 13 | - | 1 | |
| | 14 | - | 1 | Servido por maxistrado. |
| | 15 | - | 1 | |
| | 16 | - | 1 | |
| | 17 | - | 1 | |
| | 18 | - | 1 | |
| <i>Extremadura</i> | <i>Badajoz.</i> | | | |
| | 1 | - | 1 | |
| | 2 | - | 1 | |
| | 3 | - | 1 | |
| | 4 | - | 1 | Servido por maxistrado. |
| | 5 | - | 1 | |
| | 6 | - | 1 | |
| | 7 | - | 1 | |
| | 8 | - | 1 | |
| | 9 | - | 1 | |
| | 10 | - | 1 | |
| 11 | - | 1 | | |

| Provincia | Partido xudicial número | Exclusivos | Compatibles | Categoría do titular |
|----------------|-------------------------|------------|-------------|-------------------------|
| | 12 | — | 1 | |
| | 13 | — | 1 | |
| | 14 | — | 1 | |
| Cáceres. | | | | |
| | 1 | — | 1 | |
| | 2 | — | 1 | |
| | 3 | — | 1 | |
| | 4 | — | 1 | Servido por maxistrado. |
| | 5 | — | 1 | |
| | 6 | — | 1 | |
| | 7 | — | 1 | |
| | | | | |
| <i>Galicia</i> | | | | |
| A Coruña. | | | | |
| | 1 | — | 1 | |
| | 2 | — | 1 | Servido por maxistrado. |
| | 3 | — | 1 | Servido por maxistrado. |
| | 4 | — | 1 | |
| | 5 | — | 1 | |
| | 6 | — | 1 | |
| | 7 | — | 1 | |
| | 8 | — | 1 | |
| | 9 | — | 1 | |
| | 10 | — | 1 | |
| | 11 | — | 1 | |
| | 12 | — | 1 | |
| | 13 | — | 1 | |
| | 14 | — | 1 | |
| Lugo. | | | | |
| | 1 | — | 1 | |
| | 2 | — | 1 | |
| | 3 | — | 1 | |
| | 4 | — | 1 | |
| | 5 | — | 1 | |
| | 6 | — | 1 | |
| | 7 | — | 1 | |
| | 8 | — | 1 | |
| | 9 | — | 1 | |
| Ourense. | | | | |
| | 1 | — | 1 | |
| | 2 | — | 1 | |
| | 3 | — | 1 | |
| | 4 | — | 1 | |
| | 5 | — | 1 | |
| | 6 | — | 1 | |
| | 7 | — | 1 | |
| | 8 | — | 1 | |
| | 9 | — | 1 | |
| Pontevedra. | | | | |
| | 1 | — | 1 | |
| | 2 | — | 1 | |
| | 3 | — | 1 | Servido por maxistrado. |
| | 4 | — | 1 | |
| | 5 | — | 1 | |
| | 6 | — | 1 | |
| | 7 | — | 1 | |
| | 8 | — | 1 | |
| | 9 | — | 1 | |
| | 10 | — | 1 | |
| | 11 | — | 1 | |
| | 12 | — | 1 | |
| | 13 | — | 1 | |

| Provincia | Partido xudicial número | Exclusivos | Compatibles | Categoría do titular |
|-------------------|-------------------------|------------|-------------|-------------------------|
| <i>Madrid</i> | | | | |
| Madrid. | 1 | - | 1 | |
| | 2 | - | 1 | Servido por maxistrado. |
| | 3 | - | 1 | |
| | 4 | - | 1 | Servido por maxistrado. |
| | 5 | - | 1 | Servido por maxistrado. |
| | 6 | - | 1 | Servido por maxistrado. |
| | 7 | - | 1 | |
| | 8 | - | 1 | |
| | 9 | - | 1 | Servido por maxistrado. |
| | 10 | - | 1 | Servido por maxistrado. |
| | 11 | 2 | - | |
| | 12 | - | 1 | Servido por maxistrado. |
| | 13 | - | 1 | Servido por maxistrado. |
| | 14 | - | 1 | Servido por maxistrado. |
| | 15 | - | 1 | Servido por maxistrado. |
| | 16 | - | 1 | Servido por maxistrado. |
| | 17 | - | 1 | Servido por maxistrado. |
| | 18 | - | 1 | Servido por maxistrado. |
| | 19 | - | 1 | Servido por maxistrado. |
| | 20 | - | 1 | |
| | 21 | - | 1 | |
| <i>Murcia</i> | | | | |
| Murcia. | 1 | - | 1 | |
| | 2 | - | 1 | Servido por maxistrado |
| | 3 | - | 1 | |
| | 4 | - | 1 | Servido por maxistrado. |
| | 5 | - | 1 | |
| | 6 | 1 | - | |
| | 7 | - | 1 | |
| | 8 | - | 1 | |
| | 9 | - | 1 | |
| | 10 | - | 1 | |
| | 11 | - | 1 | |
| <i>Navarra</i> | | | | |
| Navarra. | 1 | - | 1 | |
| | 2 | - | 1 | |
| | 3 | - | 1 | |
| | 4 | - | 1 | |
| | 5 | - | 1 | |
| <i>País Vasco</i> | | | | |
| Álava. | 1 | - | 1 | |
| | 2 | - | 1 | |
| Gipuzkoa. | 1 | - | 1 | |
| | 2 | - | 1 | |
| | 3 | - | 1 | |
| | 4 | - | 1 | |
| | 5 | - | 1 | |
| | 6 | - | 1 | |
| Bizkaia. | 1 | - | 1 | |
| | 2 | - | 1 | Servido por maxistrado. |
| | 3 | - | 1 | |
| | 4 | 1 | - | |
| | 5 | - | 1 | |
| | 6 | - | 1 | Servido por maxistrado. |

| Provincia | Partido xudicial número | Exclusivos | Compatibles | Categoría do titular |
|--------------------------|-------------------------|------------|-------------|-------------------------|
| <i>La Rioja</i> | | | | |
| La Rioja. | 1 | – | 1 | |
| | 2 | – | 1 | |
| | 3 | – | 1 | |
| <i>Cidade de Ceuta</i> | | | | |
| Ceuta. | 12 | – | 1 | Servido por maxistrado. |
| <i>Cidade de Melilla</i> | | | | |
| Melilla. | 8 | – | 1 | Servido por maxistrado. |
| Total nacional | | 14 | 421» | |

21761 LEI ORGÁNICA 2/2004, do 28 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial. («BOE» 313, do 29-12-2004.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei orgánica.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Esta lei pretende dar resposta á preocupación exposta pola práctica totalidade dos grupos parlamentarios, na proposición non de lei aprobada o 21 de setembro pasado polo Congreso dos Deputados, na que se insta o Goberno, entre outras cuestións, á adopción das medidas precisas que reforcen a independencia do Poder Xudicial.

Para tal fin, e sen prexuízo doutras reformas posteriores de maior calado que se poidan realizar, abórdase a regulación de tres aspectos puntuais que coinciden na necesidade dunha reforma legal urxente. Dun lado, modifícase o sistema de maiorías para a adopción de determinados acordos polo Pleno do Consello Xeral do Poder Xudicial e, doutro, fortalécese a figura de maxistrado suplente do Tribunal Supremo e a do xefe do Servizo de Inspección do Consello Xeral do Poder Xudicial.

A garantía tradicional da independencia dos xuíces e maxistrados integrantes do Poder Xudicial (artigo 117.1 CE) proxéctase na actuación do Poder Xudicial –segundo o Pacto de Estado para a Reforma da Xustiza, suscrito o 28 de maio de 2001– como un «poder independente, unitario e integrado, cunha estrutura vertebrada, rexida por unha coherencia institucional que lle permita desenvolver máis eficazmente as súas funcións constitucionais». Esta clásica exixencia da independencia é predicable fronte a todos –outros poderes do Estado, os demais órganos xudiciais ou o encargado de velar por ela: o Consello Xeral do Poder Xudicial– e constitúe, xunto á mellora da calidade da xustiza, un dos piares sobre os que se inspira esta reforma.

Acorde co anterior, esta reforma pretende potenciar o Tribunal Supremo como órgano xurisdiccional superior en todas as ordes, e as presidencias dos Tribunais Superiores como os órganos xudiciais nos cales culmina a organización xudicial da comunidade autónoma, velando polo

prestixio das institucións e a cualificación dos seus membros.

Neste sentido preténdese fortalecer o mérito e a capacidade como as razóns esenciais do nomeamento e acceso ao Tribunal Supremo e ás presidencias dos Tribunais Superiores de Xustiza, evitando a aplicación dun sistema de maiorías que non contribúe a crear unha xustiza de calidade, pois prexudica a súa imaxe, pode enturbar a independencia e comprometer o deseño constitucional sobre a posición do Tribunal Supremo.

Precisamente, esta posición do Tribunal Supremo veríase dignificada se ao nomeamento dos seus maxistrados se aplicase a fórmula do consenso, como medio idóneo para a adopción de acordos polo Pleno do Consello Xeral do Poder Xudicial, que é un órgano integrado en virtude do principio de pluralidade. Para tal fin, o incremento da maioría necesaria do Pleno para realizar a proposta de nomeamento de presidentes de Sala e maxistrados do Tribunal Supremo, por un lado, e presidentes de Tribunais Superiores de Xustiza, polo outro, equiparándose á que resulta exixible para nomear os maxistrados do Tribunal Constitucional, pretende fomentar a adopción de acordos por unha ampla maioría superior incluso á legalmente exixida, estimulando así unha tendencia cara á unanimidade. Neste sentido, o incremento da maioría a tres quintos –computada sobre a totalidade dos vinte e un membros que compoñen o Pleno á marxe de conxunturas ou definitivas ausencias ou cesamentos– evitará a tentación, agora e no futuro, de decidir tan importantes nomeamentos conforme o criterio dunha maioría estable concreta pero institucionalmente insuficiente, substituíndo esta práctica polo diálogo e o consenso permanente.

Por outro lado, os maxistrados do Tribunal Supremo non perderán a dita condición cando desempeñen, de ser o caso, a Xefatura do Servizo de Inspección do Consello Xeral do Poder Xudicial. Ademais, cando o posto sexa desempeñado por un maxistrado terá, mentres desempeñe o cargo de xefe do Servizo de Inspección, a consideración de maxistrado do Tribunal Supremo. Deste xeito, os labores de inspección veríanse fortalecidos baixo a dirección e autoridade dun maxistrado do Alto Tribunal, ou dun maxistrado que terá temporalmente a expresada consideración.

Por último, os maxistrados do Tribunal Supremo xubilados, que así o manifesten, seguirán exercendo funcións xurisdiccionais como maxistrados eméritos, aproveitándose, desta maneira, a súa dilatada experiencia no exercicio de funcións xurisdiccionais.